



O FARELO

Nº19
Xullo de 2018
Prezo: 2 euros

XORNAL CULTURAL PARA O LECER

O expediente
BIC da Ribeira
Sacra recibiu
28 alegacións



Páxina VI

O Centro de
Recría de Lugo
abriu con 50
novillas



Páxina IX

Festival
internacional
de música
Ribeira Sacra



Páxina XI

Pacto de Tui,
celebrando a
irmandade
galego-
portuguesa



Páxina XVIII

XXVIII Festa
da Langosta e
da Cociña
Mariñeira da
Guarda



Páxinas XIX

Castro Caldelas, un dos pobos máis bonitos de España



Páxinas XII a XIV

Entrevista



Ilona Timchenko, directora de Peregrinos Musicales

“A educación musical nos
países do leste é moi
intensa, aquí é un asunto
máis xeral”

Páxina XXIII

CAIXA RURAL
GALEGA

25 de xullo
Día de Galicia

Opinión

Por Manola Porto Arias

Cereixas e viño de Belesar

Nos anos 50, 60 do século pasado (semella una eternidade) chegaban a recoller na zona uns 90 mil quilos de cereixas. Vivíase delas e do viño. Hoxe tentamos facelo mesmo pero con moita menos produción. Entre aqueles anos e hoxe, como en moitos outros pobos de Galicia, tamén nestes cebouse a emigración. Os mozos marcharon e os que quedaron foron envellecendo, e a medida que esto acontecía, as cerdeiras tamén se foron perdendo. Segue faltando xente nova. Relevo xeracional suficiente para que esto non esmoreza pero afortunadamente xurden iniciativas como a de esta festa, que cumpre trece anos, e que contribuíu á recuperación da produción, a poñer este froito no lugar que se merece, e darlle o valor que lle corresponde.

Fixéronse novas plantacións e introducíronse novas variedades para que, aproveitando este microclima especial que temos nestas ribeiras do Miño, entre Chantada, O Saviñao e Pantón, a campaña puidera ser un pouco máis longa e polo tanto máis rendible. Contáronme desde a organización desta feira, que na actualidade hai plantadas unhas 6.000 cerdeiras das que sae o 80% da produción de cereixa ecolóxica de Galicia. Unhas dúas toneladas agardan vender esta fin de semana a dúcia de colleiteiros que participan deste evento así que anímense a visitalos e mercarllas.

Dixéronme que temos un ano excepcional. Un ano de moita cereixa, sempre que a climatoloxía se siga comportando e non apareza unha choiva que veña estragar esta delicada

froita, e explicáronme que, o que si que faltando, son mans suficientes para poder recollela. Algo haberá que facer para que esto non sexa un problema. Hai moita xente que precisa traballo así que, argallemos algo para que se aproveite toda esta riqueza. Agora as cereixas, no outono as castañas... deixamos perder demasiadas cousas que xeneran riqueza na zona.

Hai moitos plans de emprego por ahí perdidos que ben poderían tamén ter enconta a este sector e o do viño, ao sector agrario en xeral e dalgún xeito colaborar na organización deste tipo de traballo con cooperativas, con empresas de servizos... algo debéramos facer non lles parece?

Que se fixo no Jerte?... de alí tamén marchaban os mozos e a cousa mudou. Pois... copiemos deles!

Floración

Tamén nós podemos atraer turistas para ver a floración. Estamos nun territorio privilexiado, cheo de posibilidades e potencialidades, que non acabamos de aproveitar. Aínda que afortunadamente moito teñen cambiado as cousas nestes últimos 20 anos, moito máis nos queda aínda por facer empezando por darlle valor ao noso.

Nesto hai que agradecer o traballo feito pola Denominación de Orixe Ribeira Sacra. Desde a súa creación contribuíu a prestixiar a zona, a colocala no mapa, a situala no mundo. A incentivar aos viticultores e adegueiros para ser cada vez máis competitivos, para sacar ao mercado cada vez mellor produto. Hoxe temos eiquí unha pequeniña mostra co viño que

nos ofrecen as cinco adegas presentes. A do Fortes, adega Bendao, Terras de Bendaña, Pilares de Belesar e Condado de Sequeiras.

A Ribeira Sacra está de moda, o enoturismo está de moda e temos que aproveitar isto para que o sector vitícola sexa, moito máis do que xa é, motor da zona.

Temos unha paisaxe excepcional en calquera época do ano. Un disfrute para os sentidos. Non me estraña que por aquí se inspirara Dolores Redondo para ambientar a novela que lle deu o premio Planeta. Unhas imponentes ladeiras que representan todo un luxo para a vista ao longo deste corredor fluvial que nos trae a Belesar e nos leva ao carón do río ata o Cabo do Mundo, ata a Praia da Cova.

Camiño de inverno

Que decir do Camiño de Inverno. Outro luxo chegar a este fermoso pobo de Belesar tras baixar os codos, eses restos da calzada romana que temos aquí á beira. Un pracer percorrer o río no catamarán, ou con Luisa na barca, para descubrir recunchos únicos, algún deles mesmo en perigo de desaparecer para sempre. Testemuñas de usos, de costumes dun tempo que xa se foi. Ir ata a illa, ata a Maiorga, ata a fervenza de Marce...

Non podo esquecer o románico. Xoias como San Estevo de Ribas de Miño, tan próxima a este lugar, ou por seguir neste entorno San Xoan da Cova, Santa María de Nogueira, con esas pinturas murais que a fan merecedora de ser chamada a Capela Sixtina Galega. Sería moi longo citalas todas. Quédome coas que temos aquí a "tiro de pedra". Monumentos que para sí quixeran outros lugares e que nós, por estar tan acostumados

a velos non lle prestamos a atención que se merecen.

E irei rematando xa. Perdóenme porque esto de ser pregoeira, non o teño dominado, escápaseme un pouco. Eu o que fago é ponerme cada día diante o micrófono da radio, en Onda Cero Monforte, para darlles conta do que acontece na zona, para facer protagonistas as súas xentes e que sexan elas as que nos contan as súas historias.

Hoxe tocoume a min ser a protagonista con esta encomenda de ser pregoeira. Espero terlles transmitido a necesidade que temos todos de loitar por estas terras. Serán o que nós queiramos que sexan sempre que creamos nelas. Ninguén nos vai regalar nada, temos que pelexar pola súa supervivencia, e esto é o que debemos reivindicar. Estamos aquí. Existimos e queremos seguir vivindo aquí e ter futuro nestes lugares sen ter que procuralo fora.

Longa vida para "os papeiros" e "os rabudos" organizadores deste evento e lembrar os "aturuxos" cos que antes picábanse uns a outros, dunha a outra beira do río. Xa que a Ribeira Sacra loita por ser Patrimonio da Humanidade, apunto o que onte me dixo o tocallo Porto, e reclamo tamén que estes singulares berros, acaden a súa propia distinción como Patrimonio Inmaterial que son. E nada máis. Boa feira para todos e longa vida a Belesar, ás cereixas, ao viño...a toda a Ribeira Sacra.

Manola Porto Arias. (Pregón da XIII Feira da Cereixa e do viño de Belesar. Xuño de 2018)



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com
Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
36860 PONTEAREAS - GALIZA - T. 986 64 12 69
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com
Fotografía: Hernández e departamento propio
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Rocio Rodríguez – Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – M. Rguez. Alonso – X. Maure – Uxío Breogán – Pérez Lema – X. Glez. Mtnéz. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Roberto Carlos Mirás – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez – **PORTUGAL:** Hilaria Albertina Dantas Antelo - Viale Moutinho – Manso Preto – Isabel Varela – João Martinho – **MADRID:** Juan Louzán – **BARCELONA:** Fdez. Valdeorra – **PAIS BASCO:** Nicolás Xamardo – **CANARIAS:** Fco. Puñal – **NOVA IORQUE:** Fco. Álvarez (Koki).

Fotografía: Hernández – A. Gutiérrez – M. Preto – Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Hermanager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex – Ortifus (España) – Omar Pérez (Galicia) – Mauricio Parra (Colombia) – Cébula (Polonia) – J.Bosco e Fernández (Brasil) – Marlene – Pohle (Arxentina) – Guy Badeaux (Canadá).

Depósito legal: VG-14/2017



Xornal Cultural
para o Lecer

■ Por Xosé González Martínez. Prsidente do Foro E. Peinador

Carballo, Ribeira e A Estrada, onde a lingua galega rexurdíu

Un rexistrador da propiedade chamado Xoán Manuel Pintos metido a combativo poeta escribíu, “A gaita gallega”, o libro máis reivindicativo da lingua galega a mediados do século XIX. Entre verso e verso denunciou a marxinación da lingua galega dos documentos públicos.

É verdade, dicía, que hoxe non usan o noso idioma galego para leis nin escrituras; nin poñen declaración nin estenden testamentos. Unha descrición exacta do que veu acontecendo nos séculos precedentes desde que se prohibirá no século XVI o seu uso nas oficinas xudiciais. Para máis concreción: o derradeiro instrumento xurídico redactado en galego foi en 1532 referido a un foro do mosteiro de San Clodio.

Mais como non hai mal que cen anos dure, todo aquilo que é inxusto, o tempo corrixeu a proscripción do noso idioma nas instancias xudiciais. Pintos

xa preconizaba entón que : “Poida que non tarde moito/En andar o idioma impreso/E que se lle suba ás barbas/ A outros que andan moi tesos”.

A Irmandade Xurídica Galega puxo en pé, con moito esforzo e toda a intelixencia que o proxecto precisa, unha estratexia eficaz para incorporar a lingua galega nos usos xurídicos. A “Declaración de Rois”, asinada por unha vintena de cualificados xuristas en 1987. Dous precedentes significativo e determinantes animaron o comezo do proceso: a publicación en galego do Diario Oficial de Galicia en 1984, iniciativa proposta á Xunta de Galicia pola Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística e a primeira sentenza ditada en lingua pola Audiecia Territorial de A Coruña a instancias do servizo de normalización do Concello de Redondela en 1985.

A publicación das edicións en galego

dos códigos penal e civil e doutras leis puxeron enriba das mesas de traballo do funcionariado medios para sortearen as dificultades do uso correcto da nosa lingua nos procedementos procesuais. A maiores, a publicación no noso idioma do Formulario Notarial da autoría do notario Victorino Gutiérrez Aller e o diccionario xurídico galego tamén foron decisivos no proceso regaleguizador.

En nada colaboraron as catro facultades de dereitos das universidades galegas para formaren aos futuros profesionais do dereito na galeguidade xurídica. É certo que cada vez hai máis profesores que imparten docencia no noso idioma; pero non os suficientes.

Malia esa circunstancia o proceso regaleguizador está en marcha incorporándose a el novos xuíces e fiscais e moitos operadores xurídicos que realizan as súas actividades profesionais con total naturalidade, sen conflitos por mor diso. Máis de trescentos membros da Irmandade Xurídica Galega –xuíces, fiscais, avogados, procuradores.- dinamizan a normalización da lingua

galega nun ámbito no que aínda hai moitas reticencias ao seu uso.

Nas próximas semanas a Irmandade Xurídica Galega, coa colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística e Dirección Xeral de Xustiza, ten convocados actos en Ribeira (día 29 de xuño), A Estrada (5 de xullo) e Carballo (12 de xullo) para homenaxear ás maxistradas Ana López-Suevos, María Isabel Suárez García, Carme Pose Amado e o maxistrado Fernando Fernández Leiceaga, autores das primeiras sentenzas en lingua galega en cadanseu xulgado.

É de xustiza lembralos. Porque como dixera Xoán Manuel Pintos: “Quen nunca pan colleu nin colleu viño/Se alguén llo dá sen dor todo sachado/Parez que xa é del todo o camiño”.

A estes actos están convidados os alcaldes dos concellos dos partidos xudiciais respectivos para asinaren unha declaración de compromiso coa lingua galega nas actividades xurídicas das súas administracións.



Os tesouros do Castro de Doade en Lalín

Por Manuel Blanco Villar

Tras un mes repleto de longas xornadas de traballo, rematou a 5ª campaña arqueolóxica no Castro de Doade (Lalín) iniciada o pasado 14 de maio, executada por un equipo de cinco arqueólogos profesionais e cinco estudantes de máster da USC, baixo a dirección científica do profesor José Manuel Caamaño Gesto e a dirección técnica de Vanesa Trevín Pita.

Os resultados non podían ser máis satisfactorios: Un foso xigante de 5,30 m. de fondo por 8 m. de ancho, sito no antecastro a case 50 m. da muralla, o descubrimento do lenzo externo da muralla na zona da entrada ó recinto, varios espazos de uso romanos na zona habitacional e tamén colmatando o recheo do mencionado foso, que datan dos séculos IV e V d. de C. e milleiros de restos (coitelo de ferro, machado de pedra, doa de colar, cerámicas de decoración moi variada, cravos, líticos, pallabarro...), que parecen indicar a prolongación ocupacional do castro ata preto dun milenio. Haberá que esperar seis meses ás conclusións definitivas

da memoria final.

Imponse cara a futuro profundizar no complexo sistema defensivo do Castro que parece ter polo menos dous fosos máis que engadir os dous xa localizados (un deles, dobre), formando un verdadeiro laberinto en torno a gran muralla da "aurela", que resulta sorprendente e tal vez único por estas latitudes. É este, sen dúbida o primeiro tesouro localizado no castro: unha verdadeira xoia para a que solicitaremos todo tipo de colaboración pública e privada ata conseguir sacar á luz todo o seu esplendor para que a parroquia, o Concello, a comarca e a provincia posúan un lugar de visita obrigado a nivel internacional.

No nome da Casa do Patrón, fai tempo que me quedei sen verbas suficientes no dicionario para agradecer de todo corazón a profesionalidade e o esforzo demostrado pola Empresa Argos, S.L., encargada da execución das obras, ó profesorado e alumnado da Facultade de Arqueoloxía da USC e ó persoal de apoio da Casa do Patrón.

Pero sobre todo, quero resaltar o en-

tusiasmo e o exemplar comportamento da totalidade dos veciños de Doade que están mostrando como ningún outro pobo que eu coñeza o amor incondicional que lle profesan o noso Castro, poñendo a disposición as súas fincas para facilitar o paso e mesmo para escavar, axudándonos coa maquinaria precisa e dándonos a cotío os folgos que precisamos nos momentos máis críticos, que os tivemos, porque a tarefa non resultou nada doada. Velaí o segundo tesouro do noso querido Castro: os habitantes da parroquia, que vimos sendo os descendentes e herdeiros dos mitolóxicos seres que construíron esta marabilla.

Todo isto é o que nos impulsará a seguir loitando contra vento e marea, para descubrir ata onde nos permitan as forzas a gran riqueza arqueolóxica desta parroquia, que xa pode presumir de contar cun dos castros máis escavados e estudados de todos cantos hai en Galicia.

E como cada pobo ten o que se merece, antes de rematar ó presente ano, Doade terá o privilexio de editar un



libro e unha guía turístico-cultural do Castro e a súa contorna, nos que se explicará en detalle o traballo realizado e as posibilidades futuras desta gran parroquia neste eido, que será presentado e repartido entre os veciños no mesmo instante da súa publicación, porque se gañaron a pulso o pleno dereito de ser os primeiros en coñecelo.

Qué outros tesouros nos agardan agochados no Castro, nas mámoas, na Cova dos Mouros e en tantos outros misteriosos lugares que conforman a nosa alucinante historia?

Os mestres da A.T.E.O. ourensana na recordación

Por **José PAZ RODRIGUES**
(Académico da AGLP, Presidente da ASPGP e Professor Aposentado da Universidade de Vigo)

Dentro da serie de artigos que tenho escrito em jornais e revistas nos últimos anos sobre a educação e a cultura na Segunda República, período da nossa história dos mais ricos no campo pedagógico, tenho de fazer a merecida e justa lembrança do grupo de professores ourensanos organizados sob as siglas da A.T.E.O. E o faço no mês de julho, lembrando o terrível que foi especialmente para Galiza já desde o primeiro momento, o golpe de estado fascista do ano 1936, levado pelo ditador Franco e seus seguidores o dia 18 desse mês. Para o que a seguir resenho, tomo como base as interessantes investigações levadas a cabo nos anos oitenta pelo professor Cid Fernández. Este agrupamento de professores ourensanos nos alvares da nascente República foi algo surpreendente por muitos motivos que comentarei.

A A.T.E.O. foi uma associação pedagógica pluralista, sem filiação sindical nos primeiros momentos, se bem comprometida com a realidade das classes sociais populares ourensanas e com a sua positiva transformação. Inicialmente estes professores compartilhavam um mesmo ideário pedagógico, centrado no modelo educativo da ILE (Instituição Livre do Ensino, de Giner e Cossio). Também coincidiam na política liberal-republicana e socialista, a favor da liberdade, da democracia e das reformas sociais. Além disso davam uma grande importância ao respeito pela infância, ao modelo de escola laica, pública, participativa e ativa e à dignificação moral e material dos docentes.

Muito pouco depois de ser



Adolfo Rguez Ansias e outros mestres da ATEO

proclamada a República é criada esta associação, de nome e siglas tão significativas, que para muitos nos parecem mesmo hoje ousadas. Em maio de 1931 aprovam-se os estatutos da associação, estabelecendo a sede social na Casa do Povo. Albino Nunhez é nomeado presidente, ademais de diretor da revista Escola do Trabalho, órgão pedagógico da associação e cujo primeiro número foi publicado em março de 1932.

O primeiro que surpreende é a rapidez com que os professores ourensanos se auto-organizam. Isto só se explica porque nos anos precedentes houve em Ourense um dinamismo político importante e positivo. Em que destaca o bom entendimento entre os socialistas e galeguistas com prestígio intelectual e um grupo de professores entusiastas

como o já citado Nunhez, mas também Manuel Sueiro – pai de professores extraordinários – Rafael Alonso e Amadeu Lopez. Ademais de intelectuais destacados, como é o caso do advogado Alfonso Paços, de Luís Fábrega e Roberto Branco Torres.

O segundo tema que surpreende é como o grupo se manteve tão unido durante os anos republicanos, apesar da grande variedade de professores com as suas próprias ideias e militâncias e uma grande diversidade de atitudes. Tema que só pode explicar-se pela habilidade e qualidades humanas dos seus líderes sucessivos, que souberam como manter a unidade por meio do debate civilizado e o respeito entre todos. Isto converteu a A.T.E.O. num exemplo de con-

vivência pacífica entre as diversas tendências que a integravam, com debates de profunda intensidade ideológica e também pedagógica. Não conhecemos casos semelhantes em outras latitudes, ao menos com estas características. Que fazem do movimento de professores ourensanos nesta altura algo exemplar. Em que também se apresentam os sucessivos avanços e retrocessos que se produziam a outros níveis no devir da República.

A efervescência tinha de ser grande, assim como a impaciência para mudar aquilo que levava séculos sem mudar. Isso explica também o anticlericalismo da maioria dos professores membros, em algum com verdadeira fixação, difícil de entender agora, mas que naquele momento tinha de ser entendido melhor, pelos grandes erros que cometera a igreja. O caso do professor Adolfo Rodríguez Ansias, que esteve escondido perto de 29 anos, para que não o matassem, é paradigmático do que comento.

OS PROFESSORES “ATOES”

Foram muitos os docentes, especialmente de educação primária, que decidiram integrar-se no agrupamento. Entre os republicanos moderados estavam Abel Carvajales, quem, com bom critério, defendia que na revista deviam prevalecer os artigos pedagógicos e didáticos para a melhoria do ensino, Raul González, professor de Sampaio, que fora condenado a morte e depois se salvou, e de quem eu recuperei antes de ir ao lixo a sua biblioteca. Também Celso Baratta, Henrique Castro, Cervantes Vilamarim e Manuel Vidal.

Entre os socialistas estavam Albino Nunhez, que em setembro de 1932 parte para a Corunha para dirigir o agrupamento escolar “Conceição Arenal”, Manuel Sueiro, Elígio Nunhez, Rafael Alonso e Amadeu Lopez Belho. O grupo dos

galeguistas estava integrado pelos professores Ignacio Herrero, um dos mais versados em didática, Manuel Luís da Cunha, António Couceiro e “Ben-Cho-Shey”. Os comunistas, divididos à sua vez entre os militantes no clandestino PC e na esquerda comunista-troskista, figuravam Luís Soto, que pôde exilar-se no México, e foi um dos fundadores da UPG nos anos sessenta, Baltasar Vázquez, Félix Salgado, o já citado Amadeu Lopez e Armando Fernandez Mazas, que morreu não há muitos anos.

Um dos mais formosos trabalhos que poderiam e deveriam fazer-se, seria investigar sobre cada um dos professores citados, porque todos são bem merecedores de estudos sérios sobre o seu pensamento social e pedagógico e sobre o seu labor didático nas escolas que regeram. Infelizmente o golpe franquista provocou uma grande repressão sobre a maioria destes professores, que não puderam exercer mais nas escolas públicas e acabaram por criar academias. Outros salvaram-se partindo para o exílio. Jacinto Santiago não. Porque, como muito bem diz num dos seus artigos Neruda, na Galiza, e em Ourense em particular, foi onde se produziu sobre os professores a maior repressão. Aqui foi fácil, pois os fascistas puderam pegar no livro de sócios da A.T.E.O. na Casa do Povo ourensana, onde estava depositado.

Que não voltem mais os tempos em que não é respeitada a vida das pessoas. Que é sagrada e contra a que ninguém pode atentar. E lembrar com carinho merecido o entusiasmo e a ilusão que estes mestres puseram no seu labor escolar. Exemplo para os professores de hoje e para os que se vão dedicar em breve à mais nobre tarefa, que é a de preparar as gerações de crianças, em que está o futuro do mundo.



Belesar celebrou a mellor festa da cereixa da súa historia

Dous mil quilos de cereixas da comarca chantadina puxéronse á venda en Belesar, localidade situada a beiras do río Miño, entre os municipios do Saviñao e Chantada, con motivo da celebración da décimo terceira edición dunha feira que ten como fin exaltar a calidade deste froito. A comarca chantadina ten unha longa tradición e a produción de cereixas, destacando por posuír a inmensa maioría o certificado ecolóxico. En 2016, o Colectivo Cereixeiro de Galicia (Cocega) realizou un censo de árbores na zona de Chantada. Entón estimouse que había uns 6.000. Na última década rexistrouse un lixeiro repunte grazas a novas plantacións e á substitución de vellas árbores. Con este obxectivo naceu en 2015

a Asociación de Ribeiraos Produtores Agrícolas, composta por 21 colleiteiros das parroquias da ribeira chantadina.

A celebración contou cun total de dez produtores, procedentes de Santiago de Arriba, Cartemil, A Sariña, Belesar e San Pedro de Lincora, que puxeron á venda por cinco euros o quilogramo de cereixas. Os organizadores da feira, integrantes da asociación Papeiros (de Chantada) e Rabudos (de O Saviñao) que preside Francisco Varela Montes, cualificaron o encontro de "un feirón, o mellor de todos os celebrados, con moita diferenza".

Sábado e domingo pasaron por Belesar centenas de persoas para adquirir cereixas e participar en dúas xornadas festivas animadas por varias

charangas e o grupo chantadino Trespes, ademais de gozar do viño que puxeron á venda cinco adegas da subzona de Chantada, adscritas á denominación de orixe Ribeira Sacra. O domingo, os postos de venda de comida foron incapaces de atender a todos, polo que moitos visitantes tiveron que desprazarse a Escairón e Chantada para comer.

O pregón da festa foi pronunciado pola ourensá Manuela Porto Arias, directora de Onda Cero en Monforte e residente en Terra de Lemos desde hai 27 anos. Ramón Porto presentouna dicindo que era "unha muller da palabra e de palabra". A pregoeira xunto con José Manuel Balseiro Orol, delegado da Xunta en Lugo, cortaron a cinta inaugural.



Corte da cinta inaugural sobre a ponte do río Miño.



Cinco adegas participaron na festa.

En Ribas de Sil 500 hectáreas de terreo producen 60 toneladas de cereixas e olivas

O Concello lugués de Ribas de Sil celebrou na praia fluvial da súa capitalidade, San Clodio, a XVI "Festa da Cereixa e do Aceite." Foron seis seis postos de venda de cereixas e aceite repartidos pola rúa contigua á praia fluvial de San Clodio, un empraamento extraordinario. "Desde o Concello tentamos que esta feira sexa un reclamo cara ou valor patrimonial do noso territorio", sinalou o tenente de alcalde Roberto Castro. "Esta feira está moi consolidada", sinalou o colleiteiro Miguel Ángel Rodríguez. "Aínda que este ano foi complicado polo tempo, a feira terá continuidade", sinalou convencido Roberto Castro. Puxéronse á venda máis de 2.000 quilos de cereixas e 300 litros de aceite, así como outros produtos da zona de tal forma que participaron vinte

profesionais da comarca. A Deputación de Lugo colaborou na festa gastronómica e turística cunha achega de 6.000 euros a través do Plan Único. Pola súa banda, o Concello destinou outros 2.000 euros.

Artesanía

Santos Ramos destacou que "dende o Goberno da Deputación gústanos axudar a que estas feiras, a que estes eventos de exaltación, de difusión e de coñecemento se poidan celebrar e iso é o que facemos coa Festa da Cereixa de Ribas de Sil e do aceite de Figueiredo para a que destinamos unha achega económica para a súa celebración". Miguel Ángel Sotuela Vega, o alcalde, agradeceu a colaboración do executivo provincial e referiuse as actuacións musicais que patrocinou a Deputación, o Concello e a banda de Gaitas de Ribas de Sil, así como bandas

de folk. Xunto aos expositores de cereixas e de aceites, estiveron os de mel, viño, pan, nozes, figos secos, produtos da horta, licores e artesanía. Houbo exposicións de pintura, presentación do libro Loyda e un partido de fútbol. O domingo foi o pregón a cargo do xornalista e director de Radio Principal-Cadena Ser, Fidel Fernán-Bello. Houbo demostracións de talla de madeira e actividades para nenos. A xornada do domingo completouse con demostracións artesanais, pasarrúas, espectáculo de marionetas e música en directo.

60 toneladas

A cereixa e o aceite do Concello de Ribas de Sil son dous produtos de recoñecida calidade e sabor, características que se ven favorecidas pola climatología da zona, que tamén inflúe para conseguir unhas colleitas



Cereixas e aceite supoñen un complemento económico para varias familias.

que rondan as 60 toneladas cada tempada. Grazas as súas cualidades excepcionais, tanto a cereixa como o aceite de Ribas de Sil están amparados polo rexistro de marcas e patentes, requisito imprescindible para acadar a denominación de orixe. Esta festa gastronómica naceu cunha intención de promocionar os seus dous produtos característicos: a cereixa e o aceite. Cerca de 500 hectáreas deste concello están destinadas ao cultivo de cereixas e olivas, o que supón ao redor do 80% da súa masa forestal. Os organizadores viron unha oportunidade de desen-

volveremento debido ao desaproveitamento destes produtos. Buscan poñelos en valor e que isto sirva como un complemento económico para moitas familias da zona. Creáronse novas iniciativas empresariais que se converten nun sustento económico durante todo o ano e non só nesta festa. A finalidade é potenciar estes produtos, dándolos a coñecer e aproveitar para a promoción do enclave turístico que é a Praia Fluvial de San Clodio no que as persoas poden desfrutar, coa chegada do bo tempo dun baño, da pesca, de aluguer de bicicletas e moitas actividades máis.

0 expediente BIC da Ribeira Sacra recibiu 28 alegacións

A Consellería de Cultura recibiu un total de 28 alegacións ao expediente de incoación de BIC da Ribeira Sacra procedentes de concellos, de grupos con representación municipal, de asociacións culturais e de veciños, de empresas e de particulares.

Tal como explicou en sesión parlamentaria o conselleiro Román Rodríguez, moitas destas alegacións refírense a solicitudes que piden ampliar o ámbito de protección nalgúns zonas ou a inclusión de novos elementos patrimoniais na declaración. Tamén hai alegacións que fan referencia á petición de retirada de parcelas na delimitación ou á flexibilización dos parámetros previstos na incoación das adegas nos socalcos. O titular de Cultura do Goberno galego considera “máis que razoable” os máis de catro meses que o expediente permaneceu en exposición pública, dando a lei establece un prazo dun mes para esta tramitación.

Polo tanto, este prazo xunto



Imaxe do Cañón do Sil, na Ribeira Sacra.

coas máis de vinte xuntanzas exclusivas mantidas con concellos, deputacións, asociacións e entidades culturais, universidade, Confederación Hidrográfica, sectores hostaleiro, turístico e enolóxico entre outros, converten este expediente no máis analizado e debatido entre os sectores implicados e no que máis tempo estivo en exposición pública, “algo que - en palabras do conselleiro- nunca antes se tiña feito en ningún expediente de declaración”. A isto hai que engadir todas as consultas de particulares, aso-

ciacións, técnicos municipais e consultorías que foron atendidas directa e persoalmente polos servizos técnicos da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural. Román Rodríguez salientou que todas estas xuntanzas -algunhas das cales incluso foron previas ao inicio do expediente- foron moi proveitosas para orientar o traballo e lograr harmonizar a protección do legado patrimonial coa actividade económica e a realidade social da zona.

Trámites

Todas as alegacións atópanse

en fase de estudo por parte da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, que logo remitirá o expediente aos órganos consultivos para que emitan o correspondente informe. Logo deses informes, a Dirección Xeral realizará a resolución e notificación das alegacións presentadas. Finalmente, Patrimonio elaborará un informe técnico co que se establecerá o Decreto de declaración do BIC que terá que ser aprobado polo Consello da Xunta. A Consellería traballa coa previsión de que a declaración da Ribeira Sacra como Ben de Interese Cultural (BIC) coa categoría de Paisaxe Cultural se faga efectiva entre finais deste ano e principios de 2019, o que suporá unha significativa redución do prazo de 24 meses establecido por lei.

Lista da UNESCO

A incoación da Ribeira Sacra como BIC -cuxo expediente se iniciou o pasado decembro- é imprescindible para optar a súa inclusión na Lista do Patrimonio

Mundial da UNESCO. Este espazo que abarca máis de 17.000 hectáreas, 174 quilómetros cadrados, 21 concellos, 100 parroquias e 190 núcleos de poboación é un exemplo excepcional e sobranceiro dunha paisaxe cultural, cuxas manifestacións materiais e inmateriais posúen un valor equivalente ao do seu substrato xeográfico.

A incoación do expediente de declaración BIC ten como obxectivo protexer, salvagardar e difundir estes valores; establecer os parámetros que garantan a súa conservación co desenvolvemento das actividades sociais, económicas, culturais ou de lecer que nela se desenvolvan; e determinar a relación doutros bens e manifestacións que completan o seu sentido e o valor cultural do dito espazo. En definitiva, trátase de poñer en valor un ben singular e sobranceiro de Galicia e incorporalo para o beneficio das comunidades locais, o desenvolvemento sustentable e a cohesión social.

140 golfistas internacionais compiten na Ribeira Sacra

Máis de 140 golfistas profesionais competirán na proba “Ribeira Sacra Patrimonio da Humanidade International Ladies Open” que se celebrará os días 4 e 6 de xullo. Como vén sendo habitual e por sexto ano consecutivo, o campo de golf do hotel Oca Augas Santas Balneario & Golf de Pantón será escenario dunha das 12 probas de acceso do Circuito Europeo Feminino de Golf, a única que se celebra en España.

Trátase do torneo feminino profesional máis importante do LET Access Series, o circuito de desenvolvemento do Circuito feminino europeo no que este ano participan golfistas dos

cinco continentes e 29 países. Inglaterra é o país que máis xogadores achega con 28, seguido de Francia con 20 e España con 18. Tamén participarán xogadoras de India, Sudáfrica, México e Suazilandia.

Programación

Os actos darán comezo o vindeiro luns 2 de xullo coa presentación oficial do torneo no Concello de Monforte de Lemos e unha solta de globos na Praza da Compañía coas bandeiras dos 29 países representados.

As xornadas continuarán o día 3 de xullo no campo de golf Oca Augas Santas de Pantón co Torneo ProAm Ribeira Sacra, unha competición entre

20 equipos integrados por unha xogadora profesional e tres xogadoras afeccionadas. A continuación as participantes gozarán dunha romaría tradicional nos xardíns do hotel balneario e farase entrega dos premios, a cargo do presidente da Real Federación Española de Golf, Gonzaga Escuriaga, e o presidente da Federación Galega de Golf, Daniel Fernández. Para finalizar a xornada, descubrirán algúns dos tesouros turísticos da Ribeira Sacra.

Durante o mércores 4 e o xoves 5 de xullo disputaranse as dúas primeiras xornadas do “Ribeira Sacra Patrimonio da Humanidade International Ladies Open”. Accederán aproxi-



Viaxe en catamarán de participantes nunha edición anterior.

madamente as 40 primeiras clasificadas despois do corte á xornada final do venres 6 de xullo que finalizará coa entrega de premios e a foto oficial da gañadora no campo de golf. Por último, celebrarase o torneo aberto amateur Gambito Oca Hotels, baixo a modalidade individual stableford hándicap.

Unha semana de golf inter-

nacional que se realiza grazas ao patrocinio de Oca Hotels, Deputación de Lugo, Xunta de Galicia, a RFEG, a FGG e coa colaboración do Consello Regulador Ribeira Sacra, Concello de Pantón, Concello de Monforte de Lemos, Parfois e o Consorcio de Turismo Ribeira Sacra, coa organización de Gambito Golf.

Estudantes coñeceron os hortos urbanos

A deputada de Promoción económica e social, Sonsoles López Izquierdo, mantivo un encontro con 20 alumnos de secundaria do IES Anxel Fole de Lugo, que aproveitaron a xornada de portas abertas que ofreceu o Executivo Provincial para coñecer os 10.000 m2 de hortos urbanos da Deputación no Rato e Paradai. Con esta actividade, os nenos acompañados de monitores, coñeceron os máis de 50 distintos tipo de cultivos presentes neles. Tamén comprobaron como cultivar e protexer as plantas cun plan ecolóxico que serve para obter cultivos sostibles así como para observar a necesidade de manter un entorno sostible.

López Izquierdo destacou que “dende o Goberno da Deputación, dende fai anos, estamos comprometidos con este proxecto, por este motivo decidimos investir preto de 120.000 euros a esta iniciativa que permite revalorizar espazos verdes da cidade e concienciar



Os estudantes nun horto urbano de Lugo.

sobre a necesidade de levar a cabo un cultivo sostible e respectuoso coa terra na que vivimos. É fundamental educar aos rapaces dende pequenos no aproveitamento sostible dos recursos que nos ofrece o medioambiente, tan vital para o futuro da nosa provincia.”

Hortos urbanos

Os hortos urbanos foi unha iniciativa pioneira do Executivo Provincial, posta en marcha no ano 2006, que ten como obxectivos fomentar un cultivo ecolóxico e respectuoso co medioambiente, impulsar a re-

alización de actividades físicas e mentais en contacto coa natureza, fomentar a participación cidadá e un desenvolvemento sostible, así como promover boas prácticas agrarias, unha alimentación e hábitos de vida saudables; e introducir a horticultura didáctica de cara á comunidade educativa. A día de hoxe, Agricultura y tecnología Agrotecnia, S. L. xestiona os máis de 10.000m2 de hortos urbanos do Río Rato e Paradai, repartidos en catro fincas diferentes que contan con 118 e 40 usuarios respectivamente.

Xuntanza de 300 palilleiras galegas

A deputada de Cultura, Pilar García Porto, e a alcaldesa de Lugo, Lara Méndez López, participaron no PalillAD, o segundo encontro de palilleiras que organizan Deputación e Concello na capital lucense para poñer en valor o seu traballo artesanal, que é transmitido de xeración en xeración. Nesta edición participaron 300 palilleiras procedentes de Lugo, A Coruña, Ourense, Vigo, Porriño, Cedeira, Begonte, Sarria, Montrove, Ar-

teixo, Burela, Terra Chá, Xove e Valdoviño, que palillaron agrupadas por colectivos intercambiando os seus coñecementos e mostrando o seu traballo.

A xuntanza contou cun mercado de materiais para o encaixe grazas á colaboración da Asociación Agulla Máxica de Lugo. Ademais, nos establecemos hostaleiros da zona ofrecéronse menús con prezos especiais grazas á colaboración da Asociación Provincial de Hostaleiros.



Palilleiras galegas en plena actividade.

Xornadas de portas abertas na ruta do viño Ribeira Sacra

Como cada ano, a Ruta do Viño Ribeira Sacra organiza un completo programa de actividades con motivo das Xornadas de Portas Abertas nas Rutas do Viño de Galicia. Bus do viño, rutas guiadas de románico, sendeirismo e oleoturismo son algunhas das actividades das que se gozou do 1 ao 3 de xuño na Denominación de Orixe Ribeira Sacra. As actividades celebráronse nos concellos de Chantada, Monforte de Lemos, Quiroga, Sober, A Teixeira e Castro Caldelas. Os buses do viño, con saída desde Ourense visitaron as adegas Ronsel do Sil, Ponte da Boga, Adegas Vella e o Centro Oleiro Reitoral de Gundivós. Con saída



Visita a Adegas Vella (Abeleda. A Teixeira).

desde Lugo, as visitas foron a Centro Oleiro Reitoral de Gundivós, Adegas Regina Viarum, Museo do Viño da Ribeira Sacra, Mosteiro das Bernardas e Adegas Casa Moreiras. Con saída desde

Monforte de Lemos, as visitas centráronse no Ecomuseo de Arxeriz, Adegas Abadía da Cova, Adegas Amedo, Adegas Ribada, Vía Romana e paseo en lancha polo Río Miño.

Cores do arco da vella coa semana do Orgullo LGTBIQA+

Celebrouse en Lugo a Semana do Orgullo LGTBIQA+, que promoveron a Deputación e o Concello en colaboración con este colectivo e a asociación Arelas. Os actos desenvolveron en distintos escenarios da cidade e da provincia de Lugo baixo o lema “Visibilicémonos, movémonos, empoderámonos. Polo dereito a ser diversxs”.

Sonsoles López Izquierdo, deputada de Igualdade, destacou que “este tipo de eventos serven para educar aos cidadáns na sexualidade e favorecer o respecto ás diferentes identidades e orientacións sexuais”. Neste senso, remarcou a “necesidade de

visibilizar ao colectivo LGTBIQA+ e de normalizar a existencia de tantos sexos como persoas existen no mundo. A identidade sexual non se restrinxe ao sexo co que nacemos e co que a sociedade nos etiqueta como homes ou como mulleres. Somos o que queremos ser e esa decisión tócalle tomala a cada persoa”.

A deputada de Igualdade lembrou que o compromiso do Goberno da Deputación co colectivo LGTBIQA+ mantense ao longo de todo o ano, xa que, desde os 4 museos da Rede Museística, organízanse exposicións, obradoiros e actividades que promoven e defenden a igualdade, como o proxecto Nós+outrxs en rede.

Campus Terra analizará a diversidade xenética da Árnica Montana L

A Deputación de Lugo e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) impulsan o aproveitamento sustentable e a valorización no territorio das Reservas da Biosfera existentes na provincia de Lugo da Árnica Montana L., unha planta medicinal tradicional que se atopa ameazada en Galicia, coa posta en marcha dun proxecto de investigación orientado a afondar na análise da diversidade xenética desta planta, que presenta propiedades terapéuticas acaídas para a absorción de hematomas e como antiinflamatorio, e que está a experimentar unha crecente demanda por parte da industria farmacéutica.

Os profesores e investigadores na Escola Politécnica Superior de Enxeñaría do Campus Terra da USC, Manuel Vera Rodríguez, do grupo de Xenética, e Rosa Romero, do grupo de Sistemas Silvopastorais, lideran

este novo proxecto de investigación, que conta con máis de 22.000 euros de financiamento por parte da Deputación para as anualidades 2018 e 2019, e a través do que se pretende dar continuidade a estudos xa desenvolvidos na sede universitaria luguesa respecto dos principios químicos responsables das propiedades terapéuticas da Árnica Montana L., unha planta na que se distinguen dous quimiotipos: español e centro europeo, explicou Romero.

O quimiotipo español da Árnica Montana L. é o predominante en Galicia e a súa principal diferenza do quimiotipo centroeuropeo, que é o habitual en países como Alemaña ou Romanía, vén dada polo feito de que as lactonas sesquiterpénicas da súa flor, que son as responsables das propiedades terapéuticas, presentan un menor grao de alerxias asociadas que as atribuídas ás do quimiotipo centroeuropeo da Árnica Montana L.

miotipo centroeuropeo da Árnica Montana L.

Cultivo

Daquela o obxectivo abrangue dúas liñas diferentes. Por unha parte a análise da diversidade xenética a nivel inter e intra poboacional de Árnica Montana L. en Galicia, a fin de definir unidades de xestión e establecer estratexias de aproveitamento sostible das súas poboacións. Por outra, a posterior posta en marcha de experiencias de cultivo (parcelas experimentais) respectuosas coa conservación da biodiversidade das poboacións naturais de árnica, pero encamiñadas a abrir alternativas rendibles economicamente para o sector agrario galego. Un paso posterior sería o de explorar posibilidades de realizar transformacións en Galicia que vaian mais alá do secado e picado da árnica, coa finalidade de incrementar o valor engadido e a repercusión

económica e de creación de emprego.

Os promotores deste proxecto de I+D sosteñen que as actuacións importantes para un territorio no que cada ano se collen máis de vinte toneladas de flor seca de árnica serán as seguintes. Artellar medidas para garantir a pervivencia das poboacións naturais de árnica en Galicia, sobre todo na provincia de Lugo, por ser onde se atopa algunhas das mellores poboacións de árnica do Noroeste da Península Ibérica, e favorecer o aproveitamento sustentable dunha planta medicinal que tamén pode ser fonte de ingresos adicionais na actividade agraria.

Alén do positivo impacto económico, outra das vantaxes deste convenio de I+D+i afectan á transferencia de tecnoloxía ao sector agro forestal, xa que os estudos que se desenvolvan poderían permitir poñer a dis-



posición dos agricultores técnicos de cultivo desta planta medicinal no marco da agricultura ecolóxica que sexan viables técnica e economicamente e que sexan sostibles no tempo e no espazo, contribuíndo o desenvolvemento rural e a fixación de poboación nas zonas rurais. Asemade, o o aproveitamento en cultivo da árnica reviste un interese social dado que pode ser un complemento que axude a incrementar as rendas económicas doutras actividades agrarias, gandeiras e forestais da provincia de Lugo.

Congreso Internacional de Arqueoloxía do ouro en novembro

O Museo Provincial de Lugo e o Instituto de Estudos da Cidade de Lugo ofrecen 140 prazas para asistir ao Congreso Internacional de Ourivaría que ten entrada gratuíta e libre con inscrición previa. Celebrarase do 7 ao 9 de novembro no Museo provincial. O presidente da Deputación, Campos Conde, avanzou que “dende o Executivo Provincial impulsamos este tipo de iniciativas coas que tratamos de promover e difundir a ourivaría antiga como fonte de información e documentación” ademais lembrou que “o Museo Provincial de Lugo conta coa colección máis importante de ourivaría de toda Galicia e a única declarada BIC” Participarán expertos de procedencia interna-



O Congreso será os días 7, 8 e 9 de novembro.

cional de diferentes países de Europa que intervirán en catro sesións temáticas: Terra Auris, Tecnoloxía da ourivería antiga, O ouro e os sentidos e A ourivaría antiga na sociedade actual

Colección

O Museo Provincial de Lugo conta coa colección máis importante de ourivaría de toda Galicia. Unha colección baseada principalmente na recentemente adquirida pola Deputación, colección de Álvaro Gil Varela, declarada Ben de Interese Cultural,

no 2015, con pezas datadas entre o III milenio a.C ata o s.VI d.C. Un conxunto de 56 pezas que se exhiben na sala 8 de dito museo que actualmente está en remodelación museográfica. Contén torques, brazais, arracadas e pulseiras procedentes de todo o territorio galego. Inclúe xoias como o Torques de Burela, que é o máis grande atopado en Galicia, unha xoia de case dous quilos encontrada no ano 1945 nun castro de dito municipio mariñán.

Nova directiva de Acruga



Os gandeiros na Deputación de Lugo.

O presidente da Deputación, Darío Campos Conde, recibiu na sala de xuntas do Pazo de San Marcos, aos membros da nova directiva da Asociación de Criadores de Raza Rubia Galega (Acruga). Deputación e Acruga manteñen un convenio mediante o cal o executivo provincial concédelle unha axuda de 172.000 euros para a recría

de exemplares na Granxa Gayoso Castro, mellorándooos xenéticamente para a súa comercialización e promoción. Durante o encontro os representantes explicaron os proxectos presidente como o estudio da xenómica da raza rubia galega e sexar seme de touro destinado únicamente á produción de femias, entre outras medidas.

O Centro de Recría da Deputación abriu con 50 novillas da provincia

O Centro de Recría da Deputación abriu coa entrada das primeiras 50 novillas de gandeiros da provincia de Lugo. Trátase do primeiro centro de recría público de gando vacún de leite que existe en España, pois foi construído en solitario polo executivo provincial con 12 millóns de euros logo de que a Xunta de Galicia rexeitase colaborar. As novas instalacións están situadas en terreos da Deputación na Granxa Gayoso Castro, no Concello de Castro de Rei. A a súa xestión é de rigoroso control público por parte da Deputación e coa colaboración de reputados expertos da Universidade de Santiago de Compostela. A adxudicataria, tras un proceso de concorrência competitiva, resultou Recría Castro S.L, que conta coa participación directa da cooperación galega Seragro da que forman parte 1.500 gandeiros, dos que sobre o 50% son lucenses. Esta deberá cumprir uns estritos pregos e un regulamento en defensa dos dereitos.

Na actualidade existen catro centros de recría en España: tres privados en Mazaricos (A Coruña), en Pantón (Lugo) e en Mallén (Zaragoza). Hai outro en Guipúzcoa construído en terreos da Deputación Foral



O centro de Recría está no Concello de Castro de Rei.

pero de xestión privada, pois foi cedido a unha empresa e a administración desvínclouse do seu funcionamento.

Prioridade

O Centro de Recría da Deputación pode acoller a 3.000 novillas, duplicando a capacidade de recría que existe hoxe en Galicia. O prezo da recría é de 2,39 euros ao día. Esta tarifa inclúe custos de transporte, tratamentos de fertilidade, alimentación, control sanitario e revisións veterinarias a diferenza dos centros privados. Con este prezo os gandeiros aforrarán custos e non terán que levar a criar os seus animais a centros fóra de Galicia. Teñen prioridade de acceso os gandeiros da provincia e logo os do resto da Comunidade Autónoma.

Beneficios

Cando o Centro de Recría da Deputación estea a pleno rendemento (en dous anos poderá acoller as 3.000 novillas) será capaz de xerar uns beneficios anuais duns tres millóns de euros na provincia, atendendo só á contratación de bens e subministrados para o funcionamento destas instalacións como por exemplo pensos, forraxe, veterinarios, mantemento... A isto engádesse o aumento do valor no mercado dos animais criados, pois serán mellorados xenéticamente. A actividade no centro xerará dez novos empregos directos, ao tempo que contribuirá a manter dúas decenas de postos de traballos ao colaborar con profesionais vinculados ao sector.

Galiza, un país de primeira

No Pazo de San Marcos presentouse o libro "Galiza, un país de primeira", escrito por Adela Leiro e Mon Daporta. Os beneficios recadados pola venda da obra serán a favor de GaliciAME, asociación de apoio aos afectados por atrofia muscular. Na fotografía: Adela Leiro, coautora do libro; Álvaro Santos Ramos, deputado de Relacións Institucionais, e Mercedes Álvarez, presidenta de Galiciame.



O grupo musical Sôber presentará novo disco en Sober

O grupo musical Sôber actuará de balde en Sober (Lugo) o día 19 de xullo na Praza do Concello ás dez da noite. É a segunda vez que o grupo toca na capital do viño de Amandi. O 29 de xullo de 2014 convertéronse en embaixadores de Sober grazas a un concerto que ofreceron no mesmo lugar como resultado das xestións do alcalde, Luis Fernández Guitián. Catro anos despois do irman-

damento entre a banda de rock Sôber que comparte nome coa localidade lucense, presentará o seu novo disco, 'A Sinfonía de Paradej sso', como unha forma de renovar vínculos co concello soberino. O alcalde asegurou que con este concerto, "o festival 17 graos Ribeira Sacra e a actuación de Carlos Núñez fan que o Concello de Sober se converta non mes de xullo nunha referencia musical a nivel internacional".



Grupo musical madrileño Sôber.

Viños da Ribeira Sacra premiados en Euskadi

Tres viños de Ribeira Sacra gañaron os premios principais da Cata-Concurso de Viños Tintos Galegos que se celebrou en Llodio. O primeiro premio foi para Viña Peón, da adega O Canceliño (Sober); o segundo para Casa Moreiras (Pantón) e o terceiro para Viña Garoña (Chantada). O xurado decidiu conceder tamén un accésit, que lle correspondeu a DaInsua, un viño da denominación de orixe Rías Baixas.

O concurso, que alcanzou este ano a edición dezoito, celébrase sempre en coincidencia co Día de Galicia en Euskadi, a festa anual dos centros galegos no País Vasco. A celebración tivo lugar nesta ocasión na localidade alavesa de Llodio. O



Os viños premiados na cata en Llodio.

certame, concurso de viños incluído, está organizado pola Irmandade de centros Galegos en Euskadi, e da súa preparación encárgase o taboadés José David Fidalgo, a persoa homenaxeada este ano coa imposición da insignia de ouro da irmandade. A organización do concurso acostuma a celebrar con posterioridade ao fallo do xurado, actos de entrega dos premios nas sedes das denominacións de orixe ás que pertencen as adegas premiadas cada ano.

Catadores da Guía Peñín destacan o traballo de vitivinicultores da Ribeira Sacra

Javier Luengo e Alberto Ruffoni, catadores de Guía Peñín, que visitaron a sede do Consello Regulador Ribeira Sacra, destacaron o labor dos viticultores e aluden a que o éxito desta colleita é debido ás boas prácticas de viticultura onde os adegueiros souberon ler a partitura nuns momentos complicados e obtiveron unha boa colleita nun ano difícil.

Javier Luengo apuntaba ao finalizar a cata de 75 viños que: "Sabíamos que a colleita 2017 é unha colleita complicada e vimos dun bo número de zonas onde o pasaron moi mal, por saraiba, xeadas e seca; houbo un conxunto de condicións climáticas que pensabamos que ía afectar negativamente a colleita 2017."

Desta forma ratificaba a alta puntuación obtida por esta anada na Cata de Cualificación da Denominación de Orixe onde por segunda vez na historia da D.O. alcanzaba a excelencia. "A sorpresa foi que non atopamos ningún problema pro-

duto da climatoloxía, é máis, vimos como os viños brancos que aquí non son os máis numerosos, atopámoslos especialmente expresivos en 2017. Esta colleita vese madura e aquí vén ben porque domina eses matices balsámicos pasando das herbas verdes un pouco húmidas a uns balsámicos máis agradables." Destacaron por encima de todo o excelente traballo de adegueiros e viticultores, fieis a unha tradición e coñecedores dun territorio milenar, ás cepas vellas que se aclimatan mellor e a un coñecemento transferido ao longo do tempo.

Por outra banda destacaron a evolución progresiva na elaboración duns viños que cada vez teñen expectativas superiores: "Históricamente esta zona é elaboradora de viño tinto novo e segue sendo predominante, pero cada vez empezamos a atopar un maior número de viños con crianza. Para nós é positivo porque é unha zona complicada de traballar e non é especialmente

barato con respecto a outras zonas porque non podes automatizar moitos dos procesos e a forma que ten os produtores e a D.O. de dar máis valor aos seus viños é mediante elaboracións máis sofisticadas e viños máis complexos."

Brancos

Con respecto aos viños brancos, Javier Luengo apuntaba que: "A puntuación media é moi alta. Chama a atención a pouca tradición histórica na elaboración de viños brancos e a alta calidade que teñen os poucos que se elaboran e a diversidade varietal dos brancos. Hai unha ampla paleta de variedades nos viños da Denominación de Orixe Ribeira Sacra. O bo e o difícil á vez, é ter tantas ferramentas coas que elaborar un viño e facelo ben."

Finalizaba a súa valoración definindo os viños catados, aos que augura un gran futuro: "O fundamental é que son viños de corte atlántico, que significa que son viños de menos extracción, adoitan ter



Os catadores da Guía Peñín.

menos cor e máis acidez, adoitan ser máis sutís tanto en aroma como en boca e iso está en equilibrio co que busca o consumidor a día de hoxe, que está a buscar cada vez máis frescura, viños fáciles de beber, que permitan tomar máis dunha copa e poder ir saltando dun a outro e iso é precisamente o que ofrece Ribeira Sacra. Ofrece viños que teñen frescura e personalidade debido ao seu marcado acento mineral. Daquela as variedades son tamén moi expresivas e o toque balsámico é moi interesante. Todo isto pode atopar un consumidor en Ribeira Sacra."

Javier Luengo e Alberto Ruffoni acabaron gratamente sorprendidos pola calidade dos

viños e expoñerán as súas conclusións na próxima edición da guía.

Manual de viños

A prestixiosa Guía Peñín está considerada como o manual de viños españois máis completo do mundo cun equipo de cata que valora en cada publicación máis de 11.500 viños. O obxectivo é o de promocionar os viños españois e as súas adegas. A paixón polo viño e a súa cultura marcan a pauta dun manual que é dos máis consultados por afeccionados e profesionais do viño. Todo iso, supón unha excelente oportunidade para que os viños da D.O. Ribeira Sacra continúen abrindo novos mercados a nivel nacional e internacional.

VI Ralli turístico Terras do Incio

O deputado de Turismo, Eduardo Vidal Baamonde, e a alcaldesa do Incio, Laura Celeiro García, e o organizador, Andrés Castro, participaron, na presentación do VI Ralli Turístico Terras do Incio que reunirá a 25 coches clásicos de España, Portugal e Bélxica que dende o 4 ao 9 de xullo percorrarán a provincia para coñecer os seus recursos turísticos, culturais e gastronómicos.

Vidal Baamonde destacou que "a celebración deste ralli é unha oportunidade para que os máis de 25 participantes coñezan Lugo dunha forma

distinta. Percorrendo a nosa xeografía e coñecendo o noso importante patrimonio turístico nun evento que, pouco a pouco, vai converténdose en referencia dentro da nosa provincia. Por isto, dende a o Executivo Provincial, na nosa defensa do turismo como dinamizador económico, apoiamos este rally con 3.000 euros ao entender que ofrece unha imaxe turística da nosa terra diferente."

Celeiro García apuntou que "un ano máis, o Incio conta durante o verán cunha actividade distinta e peculiar que, ademais de mostrar o Concello

a máis dunha vintena de foráneos, impulsa e dinamiza a economía de toda a provincia, reunindo coches clásicos icónicos de marcas como Ferrari, Mercedes, Jaguar ou Alfa Romeo. Nun evento que ademais cala entre os seus participantes provocando que moitos deles volten visitar a nosa provincia".

Desde Astorga

Este ano o Rally Terras do Incio amplíase un día, celebrándose entre o 4 e o 9 de Xullo. O percorrido comezará en Astorga e pasará por O Barco de Valdeorras, Lugo, O Incio, Ribadeo, Taramundi, Oviedo e finalizará en Las Caldas.



Presentación do ralli na Praza de San Marcos de Lugo.

Ademais do propio percorrido inclúense actividades complementarias de tipo cultural como poden ser visitas a lugares emblemáticos como o casco histórico de Lugo, o embalse de Villasouto, o Castro de Viladonga, o Aeródromo de Rozas, a Praia das Catedrais e a Festa Indiana de Ribadeo, ademais

de diversos miradoiros e lugares de grande beleza natural que se atoparán pola ruta. Habrá tamén comidas e actuacións musicais nas que os condutores de coches de marcas tales como Ferrari, Maserati, Alfa Romeo, Aston Martin, Jaguar, Porsche e Mercedes poderán participar e disfrutar.

Festival internacional de música Ribeira Sacra

O presidente da Deputación, Darío Campos Conde, presentou no embarcador de Doade, o Festival Ribeira Sacra. Trátase da segunda edición do Festival Internacional de música que ten a Ribeira Sacra grazas ao apoio da Deputación, que é o principal patrocinador deste evento cunha achega económica de máis de 24.000 euros, dentro da súa aposta por impulsar o turismo e a economía da zona. No acto tamén participaron o deputado de Turismo, Eduardo Vidal; o alcalde de Monforte de Lemos, Xosé Tomé; o alcalde de Sober, Luís Fernández Guitián; o alcalde de Chantada, Manuel Varela; a alcaldesa de Castro Caldelas, Sara Inés Vega; e o director do festival, Carlos Montilla.

O festival terá lugar do 27 de xullo ao 5 de agosto en espazos e lugares emblemáticos de Monforte de Lemos, Chantada, Sober, Ourense, Castro Caldelas, A Teixeira e Nogueira de Ramuín. O Concello

de Monforte de Lemos achega de 5.000 euros. Tamén colaboran o resto de municipios onde se celebra o festival, así como o Consorcio de Turismo Ribeira Sacra, Agadic e Galicia Calidade.

Campos Conde destacou que “un ano máis, convertemos ao goberno da Deputación, no principal patrocinador do Festival da Ribeira Sacra para consolidalo como un dos máis potentes de toda Galicia. Botamos en falta máis implicación da Xunta de Galicia, institución coas competencias en Turismo, así como da Deputación de Ourense que decidiu non destinar nin un só euro á celebración deste evento, tan importante para toda a Ribeira Sacra. Pola nosa parte, dende a Deputación seguiremos apostando por este tipo de iniciativas porque consideramos que non son un gasto se non un investimento para a nosa provincia, que sen dúbida dinamizará a economía, o turismo e a vida nas vilas da Ribeira Sacra”.

Mestura

O festival mestura a música de artistas internacionais coa promoción patrimonial, natural, vitivinícola e gastronómica dos establecementos da zona. “Eses son os catro eixos do festival co que propoñemos unha experiencia ao redor da música en directo, do viño, nunha zona de excelencia vitivinícola, e do patrimonio natural e cultural da Ribeira Sacra” apuntou Carlos Montilla.

O festival divídese en dúas fines de semana con conceptos diferenciados: experiencias musicais para sentir o territorio e directos exclusivos en espazos patrimoniais. A programación inclúe concertos no parador de Monforte, no miradoiro de Santiorxo, no castelo de Castro Caldelas, no parador de Santo Estevo, na Praza de España de Chantada, así como visitas guiadas aos concellos e ás adegas da zona, con catas de viños e degustacións de produtos autóctonos en Rectoral de Amandi, Regina Varium, Reitoral de Gun-



Presentación en Doade (Sober) do festival musical Ribeira Sacra.

divós, e Adegas Algueira.

3.500 espectadores

Segundo as previsións que manexa a organización, o festival reunirá a máis de 3.500 persoas, procedentes de toda Galicia, xerando un volume de negocio para a provincia de máis de 250.000 euros e máis de 60 postos de traballo directos e indirectos. Ademais, como na anterior edición, espérase o 100% da ocupación hoteleira na zona.

Programa

Carlos Montilla subliñou que “é un cartel moi variado, dirixido a todo tipo de públicos e gustos, sobre todo para as familias, e no que os asistentes poderán ver en directo a Coque Malla, De Vacas, Elvis Perkins,

Freedonia, Fuckaine, Ghost Beast, Gloria, Harvesters, Holly Miranda, Morgan, Mujeres, Puerto Candelaria, Ten Fé, Tulsas, Woods e moitos máis, que fan desta, unha segunda edición moi potente”.

Este ano o festival contará como cabeza de cartel con Coque Malla, un artista con máis de tres décadas nos teatros e nos escenarios desde o seu debut cos Ronaldos e no que aproveitará para presentar o seu último traballo Irrepetible. Ademais, o cartel contará co espectáculo do cantautor e guitarrista de folk pop indie, Elvis Perkins, comparado con lendas da música como Bob Dylan, Leonard Cohen, Van Morrison e Nick Drake.

Festival do Viño da Ribeira Sacra en Monforte

O Festival do Viño da Ribeira Sacra celebrarase en Monforte do venres 6 ó domingo 8 de xullo. Os visitantes terán ocasión de coñecer as paisaxes, de descubrir que é iso que chaman “viticultura heroica”, expresión acuñada por Ramón Otero Pedrayo na súa Guía de Galicia de 1926, de percorrer a súa historia, coñecer a súa artesanía milenaria e á vez, poder degustar os viños nunha contorna idílica.

O Festival do Viño da Ribeira Sacra, ofertará seis novas rutas turísticas deseñadas exclusivamente para esta edición na que os viaxeiros descubrirán

os encantos dos ríos Miño e Sil, viaxarán ata o Val de Quiroga onde cepas e oliveiras, conviven en perfecta harmonía. O viaxeiro camiñará entre viñedos e sentirá todo o que ofrece unha terra poboada por unhas xentes que hai tres décadas foron capaces de imaxinar un mellor futuro para os seus fillos, un futuro para unha terra de viño que deu nome e limitou xeográficamente un territorio que acertou en chamar Ribeira Sacra.

Xogo de sabores

Os máis pequenos tamén poderán pasalo moi ben e aprender cos talleres infantís de manualidades que desenvolverá Imaxinatia. Se o de-

sexan, poderán descubrir un oficio como a Olería Tradicional de Gundivós, da man dun dos últimos oleiros que seguen traballando e que loita día a día por manter con vida un oficio milenario que corre o risco de desaparecer.

Os que se animen a experimentar cos sentidos, sorprenderánse coa proposta do taller sensorial “Xogo de sabores” ou tamén se poderán rir e divertir no taller tradicional de contacontos que levará a cabo Anxo Moure. Todas estas actividades realizaranse durante todo o día do sábado ata a clausura do Festival que terá lugar o domingo día 8 de xullo



O presidente do Consello Regulador inauguraré o Festival.

ao mediodía.

O festival que se celebrará no malecón proporciona a posibilidade de gozar dos grandes viños presentes de cada unha das 24 adegas que participan este ano, representativos de cada unha das cinco subzonas que conforman a denominación

de orixe. Cando caia a noite, será o momento de gozar na Praza de España coa música que ofrecerá Najla Shami e Sons do Douro o venres día 6 de xullo. Davide Salvado e A Banda da Loba subirán ao escenario na noite do sábado 7 de xullo.

Galicia

Castro Caldelas, un dos pobos máis bonitos de España

Castro Caldelas recibiu o recoñecemento como un dos pobos máis bonitos de España, de menos de quince mil habitantes, distinción que outorga a "Asociación de Pueblos Bonitos de España" e que en Galicia ostenta tamén o Concello de Mondoñedo, na Mariña lucense.

Durante o acto que se celebrou na Praza do Prado, a directora de Turismo da Xunta, Nava Castro, agradeceu o traballo deste municipio ourensán

por saber conservar e aproveitar cun correcto enfoque turístico o valor cultural e artístico dos seus recursos, especialmente do seu casco histórico. "Castro Caldelas gusta e gusta cada vez máis, grazas á súa aposta por impulsar esa calidade que nos define como destino. É un dos mellores expoñentes do turismo tranquilo do que gozaren prásas", indicou.

A directora de Turismo amosou, ademais, o seu apoio ao compromiso por manter e me-

llorar a beleza do seu patrimonio, das súas tradicións e da súa contorna natural. "Ese é un dos nosos principais obxectivos", engadiu, referíndose ás liñas e subvencións dirixidas a entidades locais e xeodestinos galegos que convoca anualmente Turismo de Galicia para actuacións neste eido, ou mesmo a iniciativas como os Premios Galicia Parabéns que recoñecen o labor de embelecemento, limpeza e mantemento por parte dos concellos.

Deste xeito contribúese á tarefa colectiva de facer de Galicia un destino máis competitivo e de maior calidade, un dos obxectivos da Estratexia de turismo de Galicia 2020, a folla de ruta do turismo galego coa que se traballa tamén para impulsar a contribución que o turismo está a ter para a recuperación do patrimonio histórico e cultural da Comunidade.

Auxe do turismo cultural

Tamén se traballa para artellar produtos que poñan o énfase no patrimonio material e inmaterial de cidades e vilas, algo que favorece o aumento da estadia media e crea sinerxías con outros sectores das economías do ámbito rural. Ademais, neste Ano Europeo do Patrimonio Cultural iniciativas como estas contribúen a atraer máis viaxeiros interesados no turismo cultural, un dos segmentos que máis potencial de crecemento terá nos vindeiros anos, como así se prevé na Estratexia 2020.

Francisco Mestre

O acto de presentación do cartel no que o nome de Castro Caldelas e o logotipo da Asociación dan a benvida aos visitantes desde as entradas da vila, é unha acción simbólica que recoñece ao municipio "o traballo ben feito durante xeracións para manter e mellorar día a día a súa beleza arquitectónica, o seu patrimonio



cultural, as súas tradicións e a súa contorna, así como tamén establece un punto de inflexión na mellora de Castro Caldelas cara á excelencia turística para os próximos anos", apuntou Francisco Mestre, presidente da "Asociación de Pueblos más Bonitos de España".

Asegurou que "é unha honra para a Asociación contar coa incorporación de Castro Caldelas, unha terra que xa en época romana era parada de viaxeiros e en época medieval, vila de gran esplendor, como testemuña o Castelo de Castro Caldelas, e o rico patrimonio do municipio, todo iso unido a unha cultura, historia e tradición". Os veciños puideron coñecer en profundidade as actividades que realiza a Asociación e os proxectos que se ten previsto levar a cabo en beneficio do pobo.

Mestre asegura que "hoxe é un día de celebración para os veciños, e puideron coñecer de primeira man o que representa para un municipio poder entrar na Asociación dos Pobos máis Bonitos de España, un traballo constante na promoción das pequenas vilas que destacan pola súa calidade, excelencia e beleza, con acordos como o que se asinou coa fundación ONCE para ilustrar as imaxes dos pobos nos seus cupóns dominicais, a asistencia a feiras como Fitur, ou a defensa dos nosos municipios ante o Senado Español, con propostas para mellorar a súa riqueza e frear o despoboamento que sofre o mundo rural".

Sara Inés Vega

A alcaldesa, Sara Inés Vega, destacou que "para todos os

que formamos parte de Castro Caldelas hoxe é un día de celebración, e foi grazas ao traballo de todos o que nos permitiu chegar a ver un día tan importante como o que estamos a vivir, pero tamén é un día onde todos collemos novas responsabilidades para protexer e mellorar o noso patrimonio cultural, artístico, arquitectónico e gastronómico, cun só pensamento, deixar aos nosos fillos un municipio máis bonito e coidado, que o que con tanto agarimo entregáronnos os nosos pais".

Ao remate houbo ópera, zarzuela e fogos artificiais. Actuaron o grupo de gaitas local Os Trabazos e a Real Banda de Gaitas de Ourense.

Costes

"Los pueblos más Bonitos de España" é unha asociación española creada no ano 2011 para promocionar, difundir, fomentar e preservar o patrimonio cultural, natural e rural en áreas xeográficas con menor nivel de industrialización e poboación. Por decisión plenaria da corporación municipal, Castro Caldelas iniciou o proceso de adhesión a esta asociación. Logo de presentar certificado censal, dossier da candidatura e asinada a carta de calidade, un perito visitou a vila e realizou un vídeo. Cumpridos todos os trámites con resultado favorable Castro Caldelas xa pertence a esa asociación. Os custos da tramitación foron 600 euros para a peritaxe e 400 para o acto inaugural. Anualmente o Concello pagará unha cota de 1000 euros e un euro por habitante. Os carteis instalados nas entradas da vila corren a cargo do concello.

Opinións

Xa era hora

Xa se sabe que as cousas de palacio van despazo. Pero xa era hora. O galardón é importante polo que supón de recoñecemento e de promoción. Agardamos que veñan máis visitantes en calquera momento do ano. Neste sentido a Asociación emprenderá accións a través de internet e prensa. Convén que as diferentes administración e os cidadáns apoiem, coiden e respecten o noso



Conchita Fernández Martínez, profesora xubilada.

patrimonio, así como a promoción de eventos culturais asociados ao noso pobo.

Elección merecida

Creo que é unha elección merecida, é o noso un pobo moi bonito situado nunha comarca espectacular. E aínda que poida crese que é paixón de caldelá ao longo dos anos puiden constatar en todos aqueles que nos visitaron que así o ven tamén. A elección terá unha repercusión benéfica pola maior visibilidade que recibe atraendo novos visitantes, ao mesmo tempo favorece o intercambio de experiencias con outras localidades que tamén forman parte da asociación, co enri-



Flora Castro, presidenta da Federación empresarial de Terra de Caldelas.

quecedor que isto é. En definitiva unha ferramenta máis para a loita pola fixación de poboación e xeración de recursos".

Empresas que felicitan aos caldelaos por este galardón



Galicia

Castro Caldelas, un dos pobos máis bonitos de España

É unha conquista, non un agasallo

O acto de presentación do cartel no que o nome de Castro Caldelas e o logotipo da Asociación dan a benvida aos visitantes desde a entrada do pobo, é unha acción simbólica que recoñece ao municipio "o traballo ben feito durante xeracións," dixo Francisco Mestre presidente do colectivo. Rosendo Fernández, vicepresidente da Deputación de Ourense, dixo que "É un éxito, unha conquista, non un agasallo". Tamén asistiron ao acto

o subdelegado do Goberno, Roberto Castro, a cantante María do Ceo, o director da UNED, Jesús Manuel García, a corporación municipal de Castro Caldelas, os alcaldes de Montederramo, San Xoán de Río, Trives, A Teixeira, a alcaldesa de Parada de Sil e a delegada da Xunta. Durante o desenvolvemento do acto e da actuación de Bernardo Atienza, proxectouse un vídeo sobre O Castro. A Praza do Prado estaba chea de veciños e visitantes.



CARNICERÍA MARIVAN abierto los domingos C/Faustino Santalices - esquina Pablo Picasso - Ourense Tlf. 639 58 04 30	jba servicios inmobiliarios Francisco de Moure 22 Baixo, Ourense ☎988 10 20 75 ☎629 83 67 48 www.inmobiliariabajba.com jba.couto@ymail.com	Orixe PUBLICIDADE E COMUNICACIÓN 988 60 70 75 Diseño - Impresión - Rotulación - Merchandising www.orixepublicidade.es Rúa Francisco de Moure 20 - Ourense	no estés sol@ OURENSE personas que buscan personas!!! www.noestesolooourense.com No Estés Solo Ourense Av. de Portugal nº 10, Ourense ☎ 988 246 199 - 617 438 566
---	---	--	---

Losca C/ Ervedelo, 15 - ourense ☎ 988 23 44 99 698 14 82 07	VEN... www.clubtosca.es Sala de Fiestas Music-Hall cerramos los domingos
--	---

XL Xuntanza dos Maiores no Carballiño

O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, a directora xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, Fabiola García, a delegada territorial da Xunta en Ourense, Marisol Díaz, e o alcalde da localidade Francisco Fumega, asistiron á XL Xuntanza dos Maiores organizada un ano máis pola Xunta no Carballiño. O parque municipal da localidade acolleu a edición deste ano que destacou por unha participación multitudinaria, coa presenza de persoas procedentes de toda Galicia, na súa maior parte usuarias da rede autonómica de centros da terceira idade e sociocomunitarios.

O conselleiro tivo a oportunidade de departir cos asistentes, que puideron degustar comida típica galega e bailar ao son das actuacións musicais encargadas de amenizar a festa. Na súa intervención, lem-



O acto celebrouse no parque municipal do Carballiño.

brou a importancia dos maiores na construción da sociedade moderna e do benestar de hoxe, engadindo que estes teñen un papel principal no presente e futuro desta terra. “Grazas ao voso esforzo, traballo e dedicación hoxe temos unha Galicia mellor; cun sistema de benestar consolidado que temos a obriga de manter e de seguir completando”, apuntou.

Ademais, Rey Varela reiterou

o compromiso da Xunta de “facер deste país o mellor lugar para ser maior e para facerse maior”. Neste sentido, referiuse aos servizos e programas que está a desenvolver o seu departamento autonómico en prol de fomentar unha madurez activa e hábitos de vida saudables, así como previr e atender situacións de dependencia.

Así, destacou programas de ocio e tempo libre como ‘Benestar en balnearios’ ou a nova iniciativa ‘Benestar a través da talasoterapia’, entre outros. Tamén subliñou os convenios de colaboración con entidades como as Aulas da Terceira Idade ou as tres universidades galegas para que as persoas maiores de 55 anos adquiran novos coñecementos ou retomen a súa formación. No ámbito da atención á dependencia, apuntou que na actualidade máis de 8 de cada 10 galegos que teñen a súa dependencia recoñecida reciben algunha prestación pública.

Por último, o conselleiro agradeceu a asistencia á festa a todos os presentes na xuntanza e destacou o labor dos centros sociocomunitarios de Fene (A Coruña), Vilalba (Lugo) e Ponte Pelamios (Ourense), así como de José Piñeiro, da Asociación Galega de Pensionistas (Asogapen), que foron merecedores dunha distinción no encontro deste ano.

Carballiño convoca o concurso de curtametraxes

A área de Cultura do concello do Carballiño convoca por terceiro ano consecutivo o Concurso de curtametraxes “XC-CURTASO-PRIMA”, co obxectivo de incentivar a promoción dos novos realizadores do audiovisual galego no marco das Xociviga 2018, que se celebrarán do 29 de xullo ao 2 de agosto. A participación está aberta a tódolos autores ou autoras coa salvidade de non ter máis de cinco pezas audiovisuais realizadas en formato curto onde exercen autoría. Tampouco poderán presentarse se foron autores ou autoras dunha longametraxe.

As curtametraxes deberán estar realizadas en Galicia ou dirixidas por un galego ou galega; a data de produción das

pezas que se presenten a concurso non poderá ser anterior a 2017; non poderán exceder dos 30 minutos de duración, e a temática será libre, estando admitidos todo tipo de xéneros e modalidades de creación, agás o videoclip e o spot publicitario. Así mesmo, os materiais presentados deben estar en lingua galega ou en español. En caso de seren nun idioma diferente a estes, deben estar sub titulados a unha das dúas linguas.

Para participar será imprescindible cubrir o formulario da inscrición dispoñible en www.carballino.gal e achegar todos os datos e a documentación que nel se solicita. O prazo de presentación rematará o día 6 de xullo de 2018, ás 14,00 h.



Xociviga será do 29 de xullo ó 2 de agosto.

Centenario en Montederramo

Isaac Carballo Álvarez cumpríu cien anos o pasado 20 de maio. Veciño de Santiago da Medorra, no Concello de Montederramo, foi homenaxeado cun xantar

ó que asistiron familiares e amigos. O alcalde, Antonio Rodríguez, entregoulle unha praca conmemorativa da xornada e desexoulle que cumpra moitos máis.



Isaac con familiares e o alcalde.



Galicia

Redacción

Galicia, Asturias, Escocia, Irán, India e Xapón na XXXIII Xuntanza de Gaiteiros

A XXXIII edición da “Xuntanza Internacional de Gaiteiros”, evento declarado de Interese Turístico e Cultural, reuniu no castelo de Monterrei a músicos de Galicia, Asturias, Escocia, Irán, India e Xapón. Esta edición celebrouse en memoria do insigne mestre gaiteiro-artesán Antón Varela “Tonecho”. Na presentación desta tradicional celebración participaron o vicepresidente da Deputación de Ourense, Rosendo Fernández; o director da Escola Provincial de Gaitas da Deputación, Xosé Lois Foxo; o deputado provincial de Cultura, Manuel Doval; e o alcalde de Monterrei, José Luis Suárez.

Rosendo Fernández lembrou que este evento ten como obxectivo “potenciar e poñer en valor a gaita e enriquecer as nosas tradicións musicais coas achegas de gaiteiros que nos visitan doutros lugares,



Presentación da xuntanza de gaiteiros.

sendo unha aposta decidida pola música tradicional e pola defensa do propio, como vén facendo a Deputación de Ourense”. Neste sentido, Xosé Lois Foxo dixo que a Xuntanza “é a verdadeira escola de gaiteiros, pois por ela pasaron os mellores gaiteiros de todo o mundo”. Este evento converteuse ao longo dos anos “nun prestixioso foro de ám-

bito mundial polo que pasaron os máis destacados gaiteiros, e supón un complemento ás actividades da Escola Provincial de Gaitas da Deputación de Ourense”, salientou Rosendo Fernández.

Esta edición da Xuntanza “está dedicada de maneira especial ás gaiteiras, polo cal actuarán destacadas instrumentistas como Brighde

Chaimbeul, de Escocia, número un de Europa, e The Snake Charmer, da India, considerada a gaiteira máis famosa do mundo”, explicou Xosé Lois Foxo, quen engadiu que este evento ten como filosofía “unificar este instrumento que aparece na base da música de moitas culturas de Asia, Europa, África; é un dos grandes expoñentes da civilización e, en Galicia, o instrumento nacional”. Pola súa banda, Manuel Doval dixo que a gaita é “internacional e representa o que somos porque ao pé da música da gaita únese a identidade que como pobo nos identifica en todo o mundo”.

O alcalde de Monterrei destacou a importancia de que sexa a fortaleza de Monterrei o escenario deste evento, e desde o ano 2007, a sede permanente desta Xuntanza, que nos permite continuar a poñer en valor o noso castelo”.

Ademais, José Luis Suárez explicou que o programa inclúe novamente actuacións na Igrexa do castelo, e salientou “a participación no evento de grupos do noso municipio e da bisbarra”.

A novidade desta edición foi a exposición de gaitas primitivas no hospital do Peregrino, no castelo de Monterrei. “Este complemento turístico é unha nova dimensión que adquire este evento”, explicou Foxo.

No acto, tamén se presentou a “gaita do mes” do Museo Internacional de Cornamusas, que nesta ocasión está dedicada a Gajda de Croacia. A música durante a presentación correu a cargo dunha representación da Real Banda de Gaitas: as cantareiras Ana Belén Rodríguez e Cristina Pardo, e o gaiteiro Marco Foxo, quen interpretaron a obra “Pastora do Courel”.

Libros

Falemos de caricatura

Siro / Félix Caballero

Xerais Librox . 120 páxinas

Siro é o pai da caricatura na prensa galega despois da Guerra Civil e o caricaturista político galego por excelencia dos últimos cincuenta anos. Aos milleiros de caricaturas que ten publicado en xornais e revistas cómpre engadir o seu labor teórico sobre a caricatura en estudos monográficos como “A caricatura como arte”, publicado na revista “Grial” xa na temperá data de 1974; no libríño didáctico “Como debuxar caricaturas” (1991); ou de forma dispersa en moitas das súas publicacións, especialmente nos libros “Castelao humorista” (1996) e “Castelao en el arte europeo” (2016). Agora, nesta entrevista de Félix Caballero,



verte o seu saber práctico e teórico sobre o asunto, abordando con sistematicidade todos os aspectos esenciais, dun xeito sinxelo, claro, directo e didáctico. Unha boa oportunidade para nos achegar á maxia da caricatura da man dun dos seus mestres.

Siro López Lorenzo (Ferrol, 1943) é xornalista e humorista gráfico. No ano 1970 publicou os primeiros debuxos de humor na revista Chan, que dirixía Borobó. Desde entón colaborou en “Ferrol Diario”, “El Ideal Gallego”, “La Región”, “El Norte de Galicia”, “Diario 16” e “Diario de León”. De 1985 e até maio de 2006 pertenceu á redacción de “La Voz de Galicia”, xornal no que tratou diariamente a caricatura da vida política galega.

Félix Caballero Wangüemert (Logroño, La Rioja, 1967) vive en Galicia desde 1991. É doutor pola Universidade de Vigo e licenciado en Ciencias da Información pola Universidade de Navarra. Traballou como xornalista en “El Correo Gallego”, “Riadevigo.com” e “España Exterior”. É autor de varios libros sobre humor galego.



Ourense celebrou o Día mundial do Benestar

Ourense sumouse á celebración do Día mundial do Benestar cun acto que reuniu na Piscina de As Burgas a distintos representantes institucionais, empresariais e sociais. Este acto organizado por Termatalia contou coa colaboración do Concello de Ourense. O obxectivo deste encontro foi posicionar a Ourense como un destino saudable e de benestar. O acto oficial de celebración deste día serviu de clausura para a clase de ioga termal na piscina de As Burgas organizada polo Concello e na que participaron máis de 50 persoas.

Termatalia, Feira Internacional de Turismo Termal, Saúde e Benestar, conta unha rede estratéxica internacional na que se inclúen moitas das entidades que promoven o turismo de saúde a nivel mundial. Un dos obxectivos de Termatalia é fomentar un estilo de vida saudable e un turismo de calidade respectuoso co medio natural.

Ourense celebra por terceiro ano consecutivo este día para promocionarse como destino saudable, un concepto



Participantes no curso de ioga.



Representantes das institucións.

que vai máis aló do seu potencial termal e que inclúe tamén os seus recursos naturais e unha gastronomía

de calidade con moitos produtos “quilómetro cero” producidos, transformados e comercializados na provincia.

Subversiva liturgia das mãos

O libro “Subversiva liturgia das mãos”, de Fernando Fitas presentouse no Liceo ourensán. O orixinal foi recoñecido co Premio de Poesía Cidade de Ourense na súa XXXIII edición (ano 2017). Na presentación da publicación participaron o editor de Espiral Maior, Miguel Anxo Fernán Vello, e a concelleira de Cultura, Belén Igrexas. O acto comezou con media hora de atraso á espera do alcalde, Jesús Vázquez. O autor da publicación, Fer-



Os asistentes ao acto agardando polo alcalde.

nando Fitas, do Alentejo (Portugal) é xornalista, poeta e escritor que xa conta con oito obras publicadas.

Portugal celebrou a grande festa das súas letras

Portugal celebrou internacionalmente o 10 de xuño o Día de Portugal, Camões e das comunidades portuguesas. Ourense organizou unha fin de semana de festexos na súa honra na que recibiu a visita de 15 Cámaras Municipais para compartir a grande festa das letras portuguesas. “Queremos é que o 8 e o 9 de xuño Portugal invada a nosa zona histórica con produtos de artesanía local, gastronomía e folclore”, aseguraba o alcalde de Ourense, Jesús Vázquez. A escolla da nosa cidade para celebrar este día -por segundo ano consecutivo- atende en palabras do vicecónsul Manuel Correia da Silva, “a estar coma na casa”.

“O noso obxectivo non é vender Portugal”, dixo Correia da Silva na presentación, “porque os ourensáns coñecen ben o noso país, pero cómpre lembrar que na provincia de Ourense viven máis de 5.000 portugueses”. Así, o venres houbo postos instalados na praza do Bispo Cesáreo, así como animación de rúa a cargo de dous grupos folclóricos de Vila do Conde e do Grupo de Teatro de Rúa de Baião. O sábado a animación de rúa correu a cargo dos grupos Zés Pereira, A

rusga de São Pedro, e o racho folclórico da Ribeira.

Porén, o prato forte da fin de semana serviuse ás nove da noite na Praza Maior. Actuaron María do Ceo. “Artista que é patrimonio galego e portugués a partes iguais e que nunca nos cansaremos de reivindicar coma a grande unión lírica entre ambos sentimentos, dun e doutro lado da raia”, dixo o rexedor ourensán. O domingo, o concerto foi a cargo de Sílvia Raquel, desde a Póvoa de Varzim, unha das grandes voces do fado portugués.

“En definitiva, unha xornada de convivencia na que Ourense foi o orgulloso anfitrión dos representantes das Cámaras Municipais Portuguesas e, no marco desta Eurorrexión Galicia Norte de Portugal, nos poidamos coñecer máis, principio básico para po respecto entre os pobos”, aseguraba Vázquez Abad.

As cámaras municipais que se trasladaron a Ourense foron as de Amares, Arcos de Valdevez, Baião, Braga, Chaves, Cinfães, Marco de Canaveses, Matosinhos, Mondim de Basto, Ponte de Lima, Póvoa de Varzim, Resende, Ribeira de Pena, Santo Tirso e Vila do Conde.



Pasarrúas por praza Bispo Cesáreo.

Galicia

Pacto de Tui, celebrando a irmandade galego-portuguesa

O goberno municipal de Tui aposta pola celebración do Pacto de Tui, unha festa que pon en valor a rica historia medieval da cidade vinculándoa á firma deste tratado que tivo lugar o 4 de xullo de 1137.

Quérese rememorar esa efeméride do século XII dun xeito que non pode ser outro que “coa música como elemento de fusión entre dúas culturas que parten dunha mesma raíz”, así o comentou o concelleiro de cultura Eduardo Freiria, engadindo que tamén haberá actividades complementarias, como por exemplo, unha exposición por parte do Instituto Camões, de Vigo, que recolle a historia do azulexo luso, e na Biblioteca Municipal haberá biografía portuguesa a disposición dos lectores.

O alcalde Carlos Vázquez Padín, sen embargo, recalcou “a necesidade de por en valor e por en manifesto a historia que ten Tui, celebrando este tratado que leva en vigor dende fai 881 anos o cal é de gran relevancia histórica”.

Será unha festa estival dedicada á cultura galega portuguesa e a intención é darlle continuidade.

A cita arrancará a próxima fin de semana con dúas actuacións de grandísima calidade: Sondeseu, o venres 6 e Teresa Salgueiro, o sábado 7 de xullo na rúa Compostela.

A orquestra folk Sondeseu fará unha segunda parada en Tui o venres 6 de xullo para presentar o seu quinto traballo, Beiralúa, unha invitación á danza colectiva, á colaboración de artistas e compositores na elaboración dun repertorio variado que recolle diversos enfoques da creación musical. Ademais dos compositores e arreglistas habituais como Anxo Pintos, Rodrigo Romani, Xosé Liz, Xisco Feijóo e o anteriormente citado, este novo traballo conta con obras creadas



para esos 50 músicos por nomes importantes no folk galego, como Quico Comesaña, Pedro Lamas, Xosé Lois Romero...

Ao día seguinte, Teresa Salgueiro presentará O horizonte, un segundo álbum en solitario que editou en 2016 e co que ademais celebrará os seus 30 anos no mundo da música. Interpretará os seus novos temas, propón arranxos orixinais para outros clásicos lusos e como non, revisitará os seus éxitos con Madredeus, grupo do que fora cantante e alma durante dúas décadas, acompañada ademais por un cuarteto entre os que se atopa o seu excompañeiro Jose Peixoto.

Haberá un acceso solidario. Colocaranse un par de furnas ubicadas nas rúas Betanzos e Mondoñedo para que a xente poida doazóns para os afectados de Paramos e Guillarei.

Máis de 50 actividades culturais e deportivas en Tomiño

O Concello de Tomiño vén de publicar unha avultada axenda de verán, con máis de 50 actividades que terán lugar entre os meses de xuño e setembro.

Os concertos, as xeiradas polo patrimonio histórico-artístico, natural e etnográfico, o teatro de rúa, o cine ao aire libre, e os cursos e campamentos de verán, enchen de contido unha axenda que dará moito de si.

O punto de partida da nova publicación, editada polos departamentos de Cultura, Mocidade, Patrimonio, Deporte e Voluntariado, é o III Simposio de Escultura, organizado con Vila Nova de Cerveira, entre os días 11 e o 30 de xuño.

No mes de xullo, chega de novo á Praza do Seixo, o ciclo “O Son da Praza”, con concertos e festivais musicais, coma o Barrantes Folk (sábado 14, 22.30h) ou o XXV Encontro dos Pobos (sábado 21, 22.30h). Contra o final de mes, será o Encontro de Bandas de Música de Goián, o que se instale no Espazo Fortaleza de Goián (venres 27, 22.30h), e o sábado 28, chegará o momento máis estelar, co concerto “Readmirando a condición” da cantora coruñesa SES (Praza do Seixo, 22.30h). Todos estes espectáculos, para todo público, serán de balde.

En agosto, segue a música con “O Son da Praza” e o Galicat Jazz Quartet (domingo 5, 22.30h) e Sonus de Gaia

(sábado 11, 22.30h). O venres 24 de agosto volve a banda de Goián con Ei cantar coa Agrupación Musical de Goián (Praza do Seixo, 22.30h), e rematan o ciclo o Quinteto Rubato e Banda Sinfónica Xuvenil de Galicia (sábado 25, Praza do Seixo, 22.30h), e A banda da loba, cinco mulleres que dan voz a un repertorio musicalizado de poetas célebres (venres 31 Praza do Seixo, 22.30h).

Paralelamente, en xullo e agosto, realizaranse tamén actividades relacionadas ca Aula-Museo Antonio Fernández (exposicións, rutas, certame de pintura ao aire libre, etc.) e co Tomiño Único (visitas guiadas para descubrir o rico patrimonio da zona, por exemplo, o Monte Tetón, as fortalezas, ou o Camiño de Santiago).

Asemade terán lugar diferentes campamentos e cursos, coa participación do Grupo de Voluntariado Local. E haberá unha serie de actividades especialmente pensadas para os máis pequenos (Érase unha vez a arte, saída fotográfica, cine ao aire libre, etc.) e diversos campus e cursos deportivos, que serán o complemento ideal para a programación cultural. Neste eido destacan os campus de atletismo, rugby e balonmán, que se celebran por 1ª vez.

En setembro destacan os actos relacionados cos festexos patronais do Alivio, e en outubro e novembro, cursos, obradoiros e xornadas.

O porriñés Ricardo Baz, campión de España de Jiu Jitsu no seu peso e bronce en ‘kimono’

Ricardo Baz segue a darnos satisfacción despois de facerse co Campionato de España de Jiu Jitsu, acadando o ouro do seu peso (Nogui) e pendurándose o bronce en ‘kimono’.

Baz, veciño de Atios, xa se fixera con dúas medallas no Campionato de Europa de Jiu Jitsu disputado o 23 de marzo en Roma: unha de bronce na categoría absoluta e a de prata en Peso Medio.



Nancho Novo será o pregoeiro da XXVIII Festa da Langosta e da Cociña Mariñeira da Guarda

O actor, humorista e cantante galego Nancho Novo, será o responsable de dar o pregón da XXVIII Festa da Langosta e da Cociña Mariñeira o venres día 6 de xullo a partires das 21:00h na Praza do Reló da Guarda.

Nado en 1958 na Coruña, combina a súa carreira de actor coa de cantante e compositor, ademais de guitarrista do grupo "Los Castigados sin postre".

Ten realizado sketches no programa "El Club de la Comedia" e participa coma colaborador en "Hoy por hoy Madrid" de Radio Madrid.

O seu debut coma actor profesional remontase ao 1988 no teatro de Madrid e proseguíu na súa carreira alternando tra-

ballos no teatro, cine ou series televisivas como "Fariña".

Como ven sendo habitual a lectura do pregón será a noite e a continuación ábrese a Carpa no Porto da Guarda onde xa se poderán degustar os produtos do mar e da cociña mariñeira. Será sobre as 22:30h cando Nancho Novo realice o seu espectáculo "El Cavernícola", obra que trata sobre o modo no que se relacionan os homes e mulleres, unha versión da mítica obra de Broadway que leva máis de 1200 funcións con grande éxito no Teatro de Madrid.

Para finalizar este primeiro día da XXVIII Festa da Langosta e da Cociña Mariñeira realizarase un serán mariñeiro contando coas actuacións de máis dunha

decena de grupos tradicionais y de pandeireta que amenizarán esta noite.

Na XXVIII Festa da Langosta e da Cociña Mariñeira poderase degustar unha ampla variedade de produtos do mar, sobremesas e viños. A ración de Langosta custará 25€, pero tamén haberá outras tapas coma percebes, calamares, langostinos, mexillóns, navallas, polbo... a prezos populares. Na sobremesa, non pode faltar a Rosca de Xema, con racións dende 1,5€.

Programación variada e para todas as idades

A XXVIII Festa da Langosta e da Cociña Mariñeira terá inicio o venres 6 de xullo co acto de lectura do pregón na Praza do Reló ás 21:00h, que nesta edi-

ción recae no recoñecido actor, humorista e cantante galego Nancho Novo. Esa mesma noite ás 22:30h fará unha actuación na carpa do Porto, co seu espectáculo "Cavernícola".

Na xornada do sábado 7 de xullo repartiranse ao longo do día varias actuacións musicais a cargo dos grupos A Boalleira, Acevedos Delgados e Mitic, así coma un espectáculo de maxia a cargo de Valeria Varitas. Destacan tamén neste día as actividades infantís e deportivas, coa XXIII edición da Travesía a Nado do Porto da Guarda.

O Domingo 8 de xullo amenizarán a xornada os grupos A Boalleira, Acevedos Delgados, Peter Punk e Brais das Hortas, contando coa actuación estelar



de Celina da Piedade, nunha noite na que o fado será o protagonista. Tamén destaca neste día o obradoiro infantil de Mini-Chef ou o espectáculo cómico de Roi Borrallas.

Durante toda a fin de semana A Guarda ofrecerá visitas guiadas á Rede de Museos, formada polo Museo do Mar o Castelo de Santa Cruz e o Monte de Santa Trega, haberá unha gran feira de artesanía e zona lúdica e infantil, con inchables acuáticos. Haberá unha pantalla xigante para o seguimento dos partidos do Mundial de Fútbol.

Rúa do Porto, 7
36780 A Guarda
Pontevedra
Tel. 986 610468

CASA ...en La Guardia VALLADEIRO

Restaurante
Marisquería

Bar - Restaurante

O'COUTO

COMIDAS CASEIRAS
ESPECIALIDADE EN EMPANADAS
COMIDAS POR ENCARGO
SERVICIO DE ULTRAMARINOS

T. 986 62 72 36
Ctra. de Camposancos, 110 - 36786 CAMPOSANCOS

Xekto
RESTAURANTE - MARISQUERÍA

ESPECIALIDADES
Pescados y mariscos de la ría
Seguimote con arroz
Entrecot de buey
Cordero a la brasa
Café de leche de postre
Postres caseros

Rúa Fernández Albor, 19 (al final del puerto)
Tel. 986 610 474 - Móvil: 659 984 234
36780 A GUARDA (Pontevedra)
SERVICIO DE TAXI: 679 419 661

Area Grande
restaurante - tappería - cafetería

Praza Area Grande, s/n - 36780 A Guarda (Pontevedra)
☎ 986 61 30 91

Todo un clásico de A Guarda, con más de 60 años a su servicio.
Comida casera y extensa carta de vinos.

Especialidades
Pulpo con patatas
Estofado de Marisco
Revuelto de la casa
Pescado de la costa

CASA CHUPA OVOS

A Roda, 24 - 36780 A Guarda **986 61 10 15**

Hotel Eli-MAR

Vicente Solórz, 12
36780 LA GUARDIA
(Pontevedra)
Teléfono: 986 61 30 02
Fax: 986 61 11 56
eliamar@eliamarhotel.com
www.eliamarhotel.com

Todas las habitaciones con:

- Baño
- Teléfono automático
- Hilo musical y TV
- Calefacción central
- Agua caliente central
- Wi-Fi
- Aire acondicionado en Calefacción y Zonas comunes

TAPERÍA

ENXEBRE

VIÑOS · TAPAS · COMIDAS

Rúa Alfonso Martínez Peniza, 2 - 36780 A GUARDA (Pontevedra)
Tel: 986 176 476 · Móviles: 670 691 403 - 677 055 953

MASTER
CADENA

MASTER LA GUARDIA
986 611 973
C/. Manuel Alvarez, 20 - A GUARDA
www.mastercadena.es
laguardia@mastergalicia.com

Seguimos ofrecéndoos información interesante na nosa WEB

www.novasdoeixoatlantico.com

Visítenos

EIXOATLÁNTICO
XORNAL GALEGO PORTUGUÉS EN GALLARDA

Novas da Raia

Ribadavia organiza a XXXIV Mostra Internacional de Teatro

A Mostra Internacional de Teatro (MIT) de Ribadavia presentou a programación da súa 34ª edición, que terá lugar do 14 ao 22 de xullo coa participación de compañías de Italia, Portugal, México, Reino Unido e Uruguai, ademais de galegas e do resto de España, e a presenza de recoñecidos nomes da escena como Pippo Delbono ou Laila Ripoll.

A Consellería de Cultura e Educación colabora un ano máis coa organización do encontro a través do apoio económico da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), que reconece deste xeito o valor da MIT como mostra de referencia no sistema teatral galego. Así foi definida por Jacobo Sutil, director da Agadic, na presentación desta edición, e na que tamén interviñeron o alcalde de Ribadavia, Ignacio Gómez; o vicepresidente da Deputación de Ourense, Rosendo Luis Fernández; a presidenta da Asociación de Actores e Actrices de Galicia, Nieves Rodríguez; a presidenta da asociación Escena Galega, Belén Pichel; e o director da MIT, Roberto Pascual.



A presentación celebrouse na sede de Viña Costeira.

Commedia

Sutil fixo especial fincapé na estrea coa que botará a andar a mostra o 14 de xullo no Auditorio do Castelo: Commedia, un xogete para Goldoni, un dos espectáculos de máis éxito da historia do teatro profesional galego, que a compañía Contraproducións recupera para os escenarios da man do director Cándido Pazó xunto con boa parte do equipo orixinal que o levara por primeira vez ás táboas hai 25 anos. A súa nova montaxe conta tamén co apoio da Xunta como unha das 30 propostas galegas adxudicatarias da última convocatoria de subvencións da Agadic á produción escénica.

Ademais de por Contraproducións, a escena galega tamén estará representada nesta carteleira por A Panadaria, IO Circo, Cristina Collazo e Banda A Lira de Ribadavia, e Inventi Teatro.

Na programación desta 34ª edición tamén terán tamén especial protagonismo as actividades paralelas, que combinan os ámbitos pedagóxico, experiencial e artístico, como os obradoiros ofrecidos pola directora e dramaturga Laila Ripoll ou as charlas e encontros sobre a profesión do escenógrafo a partir da exposición que albergará a igrexa da Madalena.

Monterrei celebra a XIII Feira do Viño en agosto

Verín celebrará do 10 ó 12 de agosto a XIII edición da Feira do Viño de Monterrei que xa conta con cartel anunciador. A proposta seleccionada pertence a Diego Gil Hernando e Toño Gutiérrez Sanz, e foi elixida entre un total de 37 traballos presentados ao concurso impulsado polo Consello regulador da denominación de orixe Monterrei. Os autores desta obra, presentada baixo o lema 'Brindemos', son arquitecto de interiores e artista plástico, respectivamente.

Ao longo deste ano alzáronse vencedores noutros concursos como o programa de man da LXII Festa da Oliveira de Moura, cartel das festas de Lasarte, concurso da camiseta oficial do festival internacional de teatro de Almagro, e conseguiron o terceiro premio no V Certame Nacional de Ilustración Mulafest e DXT, entre outros. O



Presentación do cartel en Verín.

xurado estivo integrado por Cristóbal Boo, vocal e representante do Consello; Purificación Caldelas, concelleira de Turismo, Comercio, Balnearios e Transportes de Verín; Noelia Manzano, deseñadora gráfica e Sergio Crespo, experto en fotografía.

A denominación de orixe conta con dúas subzonas: Val e Ladeira repartidas en 467 hectáreas de terreo no que 381 viticultores, con 24 adegas, colleitan o 70 por cento de uvas da variedades brancas e o 30 por cento de tintas.

"O último dragão" em primeiro lugar

No ámbito do Concurso Escolar "Segredos do Alto Minho", a turma E, do 8º ano, do Agrupamento de Escolas de Monção, da profesora Maria de Deus, ganhou o primeiro prêmio na modalidade "Criação Literária", com o poema narrativo "O Último Dragão". A sessão de anúncio dos vencedores e entrega dos prêmios, realizou-se, na passada sexta-feira, 15 de junho, no Centro Cultural de Paredes de Coura.

Promovido pela Comunidade Intermunicipal do Alto Minho (CIM Alto Minho), o Concurso Escolar "Segredos do Alto Minho" teve como objetivo incentivar o espírito criativo e inovador no território do Alto Minho, através da realização de projetos de expressão artística: ilustração (pintura ou desenho), criação literária, fotografia, vídeo e multimédia.

No total, foram rececionados 46 trabalhos, vindos de 22 estabelecimentos educati-



vos públicos e privados do ensino básico e do ensino secundário regular e profissional. A temática do concurso incidiu sobre um segredo ou uma cu-

riosidade de um dos concelhos do Alto Minho e/ou globalmente do território que, de alguma forma, pudesse estar relacionado com a região.

XX Bienal de Arte de Cerveira

Vai ser dado o pontapé de saída para a XX Bienal Internacional de Arte de Cerveira, com uma ação promocional no dia 8 de julho (domingo), no Parque de Lazer do Castelhinho, em Vila Nova de Cerveira.

Assinalando os seus 40 anos e voltando-se a realizar em anos pares, a XX Bienal Internacional de Arte de Cerveira regressa este ano de 10 de agosto a 23 de setembro, sob o tema "Artes Plásticas Tradicionais e Artes Digitais – O Discurso da (Des)ordem".


Por Francisco Puñal Suárez



1º Premio en Caricatura Editorial e Gran Premio - Marilena Nardi, Italia



2º Premio - Caricatura Editorial - Cau Gomez, Brasil



Mención de Honor - Deseño de Humor - Osmani Simanca, Brasil

13º World Press Cartoon

O Centro Cultural e de Congressos da cidade portuguesa de Caldas da Rainha foi o escenario da entrega de premios do 13º World Press Cartoon, cun público que gozou dunha noite de humor e música.

A debuxante italiana Marilena Nardi converteuse na primeira muller que gaña o Gran Premio na historia deste evento da caricatura de prensa, cunha viñeta en defensa da liberdade de expresión: a obra reflexa a un home transformado en tijera falante, e foi publicada no magazine dixital "Sátiraopinión" e na publicación catalá "Illegal Times". O seu debuxo xa gañara o primeiro lugar de caricatura editorial.

Marilena comentou que as tres obras súas que enviou ao World Press Cartoon foran publicadas fóra de Italia, e non no seu país. "A sociedade que non permite a sátira é unha sociedade doente", dixo.

Marilena é actualmente profesora de debuxo anatómico e de ilustración na Academia de Belas Artes de Venecia, e alcanzou diversos premios en certámes internacionais de humor.


Na categoría de caricatura persoal, o primeiro premio obtívoo o belga O. Sekoer, cunha imaxe de Trump, convertido en peixe que se fai un selfie.

Na categoría de deseño de humor foi distinguido co primeiro premio o serbio Nedeljko Ubovic ; o segundo foi para Silvano Mello, de Brasil, e o terceiro, para Fadi Abou Hassan, de Noruega.


Na categoría de caricatura editorial, o segundo lugar foi para o brasileiro Cau Gomez, e o terceiro foi para o turco Hicabi Dimerici.

Nesta entrega de premios, Antonio Antunes, caricaturista portugués e director do WPC, expresou a importancia de que nesta edición admitíronse por primeira vez debuxos publicados en páxinas de prensa da internet, "debido á crise xeneralizada dos medios impresos, e como a única forma dos humoristas gráficos de dar a coñecer as súas obras".

Nesta edición do World Press Cartoon participaron máis de 600 obras publicadas en 227 medios de 54 países, que retratan a historia do mundo o pasado ano.



1º Premio caricatura persoal - O Sekoer, Bélxica




1º Premio deseño de humor - Ub, Servia



2º Premio Deseño de humor - Mello, Brasil




Mención de Honor - Deseño de humor - Mihotov, Croacia



3º Premio - Deseño de Humor - FadiToon, Noruega

FUCO PRADO



Verán Cultural en Salceda

A Concellaría de Cultura e Festas do Concello de Salceda de Caselas, dirixida por Tere Pérez, vai poñer en marcha un ano máis a programación de verán que desembocará nas Festas do Cristo, e que a Concelleira presentou esta mañá acompañada do Alcalde, Marcos Besada. A Concelleira amosouse moi agradecida coas diferentes asociacións do municipio que ano tras ano se ofrecen a subirse ao escenario para presentar os traballos realizados nos diferentes locais culturais das parroquias, e que permiten que se siga mantendo unha programación diaria que se estende ao longo de máis de dúas semanas. Salceda encherase así un ano máis de música, baile, cine, xogos e, sobre todo, moita festa. Inciden dende o Concello en que se trata dunha programación variada para tódolos gustos e para tódolos públicos, cunha especial presenza das actividades dirixidas aos nenos e nenas.

O Verán Cultural arrinca este venres 29 de xuño e o



pistoletazo de partida corre a cargo da Asociación de Comerciantes e Industriais de Salceda (ACISA), que por terceiro ano organizan a Feira Medieval (29 e 30 de xuño e 1 de xullo).

No ciclo hai citas que non poden faltar, como o certame de bandas de música que este ano celebra a súa vixésimo sétima edición, o festival folclórico ou o día da infancia, que ano a ano acollen a numeroso público tanto de Salceda como dos arredores. Destacan este ano as actividades dirixidas ao público familiar, tendo en conta que estamos a falar dun dos Concellos con maior taxa de natalidade de Galiza. Así, como novidade preséntase este ano unha ac-

tividade de pompas xigantes na que os nenos e nenas poderán tamén aprender a realizar as pompas e que sen dúbida despertará moita expectación. Outra das premisas é a variedade de espazos nos que se van desenvolver os actos: O Parque Raíña Aragonta, o Parque da Gándara, a Casa da Cultura Castelao, o Auditorio Municipal, o recinto do CEP Altamira e, por suposto, a Praza do Concello. Cun orzamento aproximado de 50.000 € a programación extenderase dende o venres 29 de xuño ata o luns 16 de xullo en que rematan as Festas do Cristo.

Por outra banda a Concelleira destacou os actos que serven para homenaxear a diferentes persoas e colectivos de Salceda, como o estourazo ou o Acto Cívico dos/das Salcedenses Distinguidos/as, que se celebran o sábado e domingo das Festas do Cristo. Así mesmo, fíxose especial mención ao concertó que o grupo Treixadura ofrecerá o sábado 14 de xullo dentro do programa Musigal da Deputación de Pontevedra.

A veciñanza arroupa o Centro de Interpretación do Tea



O goberno de Ponteareas destaca a boa acollida que tivo entre a veciñanza a apertura do Centro de Interpretación do Tea ubicado no centro cultural de Fozara. Ao acto inaugural foron moitos e moitas as que asistiron tanto da propia parroquia como do resto de Ponteareas así como membros do goberno e dos distitos grupos da corporación.

Tanto no roteiro guiado por unha técnico en medio ambiente como no propio acto

inaugural houbo unha alta asistencia e todos os participantes puideron disfrutar dunha xornada informativa e entretida na que coñeceron o patrimonio histórico, natural e etnográfica das beiras do Tea.

A oficina virtual está aberta vintecatro horas e todos os que se acheguen poden atopar a información no panel interactivo. Todos os domingos en horario de mañá un técnico en medio ambiente ou un técnico en turismo atenderá aos visitantes.

O Consorcio do Louro entrega os Premios do III Concurso de debuxo

O pasado luns os representantes dos Concellos de Mos, O Porriño, Salceda de Caselas e Tui fixeron entrega dos premios do III Concurso de Debuxo Infantil do Consorcio, que este ano tiña como lema "Auga para Grifus; a emocionante viaxe da auga dende a natureza ata a túa casa".

Os catro primeiros premios, un por Concello, recibiron unha tableta electrónica e os oito finalistas, dous por Concello, recibiron unha cámara acuática.

Os representantes dos Con-



cellos quixeron agradecer a participación dos nenos nesta terceira convocatoria, na que se presentaron preto de 250 debuxos, e resaltaron a importancia de difundir e concienciar da importancia da

boa xestión e dun uso responsable dun ben escaso e prezado como é a auga.

Os debuxos gañadores poden consultarse na web do Consorcio www.consorciodolouro.es

Mostra de Iniciativas de Covelo

Este verán comeza o proxecto "Dinamización, mostra e impulso de iniciativas do Concello de Covelo" subvencionado pola Deputación de Pontevedra. Trátase da exposición e venda de produtos do Concello de Covelo. Poderán participar a veciñanza produtora según o "Decreto 125/2014, polo que se regula en Galicia a venda directa de produtos primarios dende as explotacións á persoa consumidora final", as asociacións e as empresas do Concello de Covelo. As mostras celebraranse os primeiros venres de xullo, agosto, setembro e outubro, nun principio, na Praza Mestre Cerviño.

Na I Mostra de Iniciativas de Covelo, o venres 6 de xullo, ademais da exposición e venda



de produtos, haberá un abradoiro de aproveitamento de plantas autóctonas, concerto infantil de Magín Blanco á unha e media do mediodía e os titeres e contacontos Fábulas de Tarabelos ás oito e media da tarde no auditorio municipal.

Por Moncho Mariño

Ilona Timchenko, directora de Peregrinos Musicales

"A educación musical nos países do leste é moi intensa, aquí é un asunto máis xeral"

Ilona Timchenko é a directora artística e fundadora do "Festival Peregrinos Musicales" que este ano cumpre o seu oitavo certame. Case unha década despois, Ilona Timchenko está satisfeita do traballo desen-

volvido ata o de agora. A súa aposta polo intercambio entre músicos de diferentes países e a incorporación de intérpretes de prestixio converteuno nunha cita obrigada dentro da oferta cultural de Compostela.

Como nace este Festival de Peregrinos Musicales?

Todo sae en 2011 para promover o desenvolvemento de novos talentos. Tivemos en conta as diferentes educacións musicais dos diferentes países e por iso quixemos crear unha cita internacional para músicos mozos e mozas onde podan encontrarse e podan intercambiar as súas experiencias. Este ano, por exemplo, traballaremos con dúas importantes fundacións rusas que axudan a novos talentos. Os comezos foron cun grupo de músicos novos seleccionados en Moscú e logo outro grupo seleccionado aquí. Logo o Festival foi collendo máis pulo e trouxemos músicos doutros países como Francia, Países Baixos, Estados Unidos, Alemaña ou Georgia.

Cal era a raíz de todo este festival?

Pois que a educación musical era moi diferente entre lugares. Nos países do leste a educación musical comeza desde que son nenos e é moi intensa. Tamén hai moita competencia entre eles e logo suben un chanzo máis ingresando en escolas máis especializadas. Aquí vin que se trataba dunha maneira moi xeral. Aquí os nenos e nenas van á escola pola mañá e logo pola tarde ao conservatorio, non teñen moito tempo. Tamén importa o ambiente, porque se hai un ambiente que motiva e onde existe unha certa competencia, consegues moi bos resultados co teu talento. Aquí vin xente con talento pero non explotaron todo o seu potencial. Quizais

sexa a falta de estimulación o que non lles deixaba mostrar todo o seu talento.

Estamos xa na oitava edición e polo que se ve hai numerosos apoios. Foi difícil chegar ata aquí?

Si, pero xa desde o primeiro momento contamos co apoio do Concello de Santiago e da Xunta de Galicia que seguen a ser os nosos principais piares. Grazas a eles pero tamén ao esforzo voluntario de moitas persoas e moitos e moitas amigas da música e do proxecto. Pero se hai unha cousa que quero mencionar é o progreso que avanza cada ano entre os nenos de aquí que participan cada ano no festival. Dun ano para outro o seu nivel vai subindo entre os mozos e mozas. A idea de motivalos funcionou moi ben. Isto trouxo



máis solicitudes para ingresar no festival.

Cal é procedencia dos músicos que participan nesta oitava edición?

Desde o estranxeiro veñen de países como Rusia, Francia e Países Baixos. Desde Galicia veñen oito intérpretes das catro provincias.

Cales son os obxectivos para o ano que vén?

Queremos ampliar máis a oferta. Cada ano queremos engadir novas seccións, unha delas Mestres Laureados, que son intérpretes que viñeron en ocasións anteriores e su-

peraron certos niveis de existencia e con carreiras consolidadas. Pero ademais engadimos músicos que profesionalmente son xa figuras consagradas. Aproveitando isto, o ano pasado comezamos coas masterclass. Este ano haberá masterclass de clarinete e violín. Este ano haberá un concerto extraordinario, sen ter que ver cos novos talentos, senón que será entre Jean Johnson no clarinete e eu tocando o piano. Tamén traeremos novas pezas clásicas que non se interpretaron en escenarios internacionais.

"TerraZeando. Ciclo de concertos ao fresco" música en lugares singulares de Compostela

Celébrase en Santiago a sétima edición de TerraZeando. Ciclo de concertos ao fresco, que se celebra do 26 de xuño ao 26 de xullo. Trátase do ciclo estival da Asociación Desconcerto Cultural co que se pretende aproveitar lugares especiais que raramente son empregados na música en directo. Espazos que por si mesmos son capaces de amplificar as emocións e sensacións xa xeradas por un concerto. Terrazas, parques e espazos singulares de Com-

postela que polo seu magnetismo dan lugar a noites inesquecibles.

O ciclo volve con propostas comoa retrosicodelia de Baywaves, a tensión dos portugueses Dear Telephone, o pop canónico de Exnovios, o sixtie progresivo de Los Reyes Magos, ou o espírito festivo de Alberto & García. E, por suposto, unha excelsa repre-

26.06	Baywaves / Kings Of The Beach
04.07	Dear Telephone
11.07	Los Reyes Magos
18.07	Exnovios
26.07	Alberto & García / Helen & Shanna

sentación da terra co garaxe gamberro de Kings of The Beach e o folk de Helen & Shanna.

Todos os concertos serán ás 21:00 horas e con entrada de balde, ata completar aforo no caso dos que sexan en lugares pechados.

14 miradas sobre Conxo

Conxo, espazos e xentes é a posta en común da mirada de 14 fotógrafos e fotógrafas sobre o Banquete de Conxo e o que alí aconteceu. A exposición estará aberta ata o 16 de xullo na carballeira do

Banquete de Conxo.

As fotografías destes 14 fotógrafos, impresas en grandes lonas, foron penduradas de cordas atadas a algunhas das árbores da carballeira do Banquete de Conxo, recentemente recuperada.



No Ano Europeo do Patrimonio Cultural

Ponte...nas ondas! participou na 7ª Convención da UNESCO sobre o Patrimonio Cultural en París

Unha delegación galego-portuguesa da Asociación Cultural e Pedagóxica PONTE...NAS ONDAS! participou en París na 7ª Sesión da UNESCO sobre o patrimonio cultural inmaterial. Ponte...nas ondas! é a única entidade acreditada pola UNESCO en Galicia e unha das 4 en Portugal.

Durante os días 4, 5 e 6 de xuño en París desenvolveuse na sede a UNESCO a 7ª Sesión da Asemblea Xeral dos Estados parte da Convención de Salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial. Desenvolvéronse diversas accións relacionadas co patrimonio cultural, desde sesións plenarias con representacións dos países até mesas redondas sobre a importancia da salvagarda do patrimonio para a calidade e a relevancia da educación, entre outras actividades.

Un dos focos desta sesión foi precisamente a importancia da salvagarda do patrimonio inmaterial a través dunha educación relevante e de calidade. Unha mesa redonda con representacións de varios países debateu a importancia que a

Convención concede á educación na transmisión e coñecemento das expresións do patrimonio cultural inmaterial.

As ONGs acreditadas tiveron un espazo propio para o debate e o intercambio de ideas e experiencias, previamente coordinadas no Forum das ONGs, dando oportunidade a presentar diversas actividades, vídeos ou materiais relacionados co patrimonio inmaterial.

(<http://www.ichngoforum.org/cultural-educational-association-ponte-nas-ondas/>)

Ponte...nas ondas! divulgou as actividades que está a desenvolver neste Ano Europeo do Patrimonio e presentou a edición do libro-disco-dvd NA PONTE en inglés, español e portugués. Este libro recolle a traxectoria desenvolvida pola asociación ao longo dos seus

23 anos que ten sido premiada polas súas boas prácticas no traballo co patrimonio inmaterial galego-portugués, mesmo coa obtención do prestixioso premios Ondas de comunicación.

A delegación de Ponte...nas ondas! estivo formada por profesores galegos e portugueses, entre os que participou o antropólogo da Universidade Fernando Pessoa, Álvaro Campelo, quen xa asistiu á última convención celebrada en Addis Abeba (Etiopía).

Actividades no Ano do Patrimonio

No ano en que na Unión Europea se está a celebrar o Ano do Patrimonio Cultural Ponte...nas ondas! está a realizar diversas actividades que veñen tendo unha continuidade e unha presenza constante no ámbito educativo e cultural de Galiza e de Portugal como a celebración do Día Mundial da Radio proposta pola UNESCO.

O certame de recolla As imaxes do patrimonio, unha convocatoria dirixida prioritariamente aos centros educativos da Eurorrexión e aberta ás asociacións e entidades culturais, fechou a fase de recepción e no mes de setembro daranse a coñecer as imaxes e os textos premiados.

Ponte...nas ondas ! divulgará a partir de setembro nos centros educativos da Eurorrexión as unidades didácticas sobre o patrimonio inmaterial galego-portugués para dar a coñecer nas escolas da Eurorrexión as manifestacións e as expresións do patrimonio cultural galego-portugués.



No foro das ONG's



Mesa sobre educación e patrimonio.



Santiago Veloso e Álvaro Campelo.



Xerardo Feijoo e Santiago Veloso.